[JCCP/MSGN]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o día 29 de outubro de 2024, ás 12:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Raquel Arias Rodríguez
(en substitución de Gonzalo Trenor López)
(Vicepresidenta en funcións)
Ethel María Vázquez Mourelle
(en substitución de Manuel Santos Costa)
(Secretaria en funcións)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
(en substitución de Cristina Sanz Arias)
Victor Manuel Baladrón Lamas
(en substitución de Juan Manuel Casares Gándara)
Nicole Grueira Fernández
(en substitución de Miguel Fidalgo Iglesias)
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Julio García Comesaña)
Argimiro Marnotes Fernández
(en substitución de Patricia García González)
Noelia Pérez López
Cecilia Vázquez Suárez
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Iria Carreira Pazos
(en substitución de Rosana Pérez Fernández)
José Daniel Pérez López
(en substitución de Óscar Insua Lema)
María Montserrat Prado Cores
(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonzo)
Paulo Ríos Santomé
(en substitución de Brais Ruanova Vilas-Boas)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Patricia Iglesias Rey
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

PARLAMENTO DE GALICIA

Outros asistentes:
Lara Méndez López

Comparecente:
Conselleiro de Sanidade

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

A presidenta reinicia a sesión e rógalle á señora Vázquez Mourelle, Ethel María, secretaria en funcións, que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar as substitucións. Logo da constatación destas, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único.- Comparecencia do conselleiro de Sanidade e responsables das entidades instrumentais dependentes da Consellería
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025
13638 (12/PL-000004)
Publicación e asignación á Comisión, BOPG n.º 104f1, do 19.10.2024

A presidenta, logo de darlle a benvida ao conselleiro de Sanidade, e ao equipo da Consellería que a acompaña, explica o desenvolvemento da sesión, que consistirá nunha primeira intervención do comparecente, por un tempo de entre 20 e 30 minutos; seguirá a dos representantes dos grupos parlamentarios por un tempo de 10 minutos cada un, e para contestarlles, o señor conselleiro contará cun tempo de 10 minutos. Finalmente, os grupos parlamentarios disporán dunha rolda de 5 minutos cada un e o conselleiro doutros 5 minutos para contestarlles e rematar á súa comparecencia.

A continuación, a presidenta concédelle a palabra ao **conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño**, quen procede a informar sobre os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 correspondentes á súa consellería e aos organismos dela dependentes.

Deseguido, ábrese a rolda de grupos parlamentarios, na que fan uso da palabra: o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** e a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** que formulan diferentes preguntas e consideracións sobre a información recibida.

PARLAMENTO DE GALICIA

Ao remate das anteriores intervencións, a presidenta concédelle de novo a palabra ao **conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño,** quen contesta ás consideracións formuladas polos anteriores voceiros e voceira.

A continuación ábrese unha segunda rolda para precisións por parte dos diferentes grupos parlamentarios, na que interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** e a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P).**

Finalmente, o **conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño,** contesta ás cuestións expostas polos portavoces, e coa súa intervención péchase a comparecencia.

A presidenta reitéralle o seu agradecemento ao conselleiro e aos membros do equipo da Consellería que o acompañan, faino extensivo aos grupos parlamentarios e aos servicios da Cámara e lémbralles ás súas señorías que a Comisión volverase reunir ás 16.00 horas, coa comparecencia da conselleira do Medio Rural.

Suspéndese a sesión ás 14:40 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal da sesión.)

V. e p.:
Noa Gallas Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.11.04 09:40:41 +01'00'

Ethel Vázquez Mourelle

Ethel María Vázquez Mourelle
Secretaria en funcións da Comisión

Firmado digitalmente por Ethel Vázquez Mourelle
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Ethel Vázquez Mourelle, email=ethel.vazquez.mourelle@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.11.04 09:19:33 +01'00'

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª. ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS, DO DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2024

-Orzamentos 2025-

(Comparecencia do conselleiro de Sanidade)

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Bos días a todas.

Renaudamos a sesión desta Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos. Temos connosco xa o señor conselleiro de Sanidade, a quen lle agradecemos a el e ao seu equipo a súa presenza nesta comisión. E, sen máis, pero voulle por favor á señora secretaria que lea a lista de membros da comisión acertos de substitución, dado que hai moitas substitucións nesta comisión, prégolle as súas señorías que digan en voz alta e clara a quen están a substituír para facilitar así os traballos dos servizos da Cámara.

A **secretaria en funcións (Vázquez Mourelle)**: Grazas.

(A señora secretaria dá lectura á relación de asistentes.)

Hai quórum, señor presidente.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora secretaria

Lémbrolles ás súas señorías como o procedemento. En primeiro lugar, o señor conselleiro de Sanidade terá unha quenda de entre vinte e trinta minutos para dar conta do orzamento do Goberno galego para o ano 2025. A continuación os grupos parlamentarios teñen cada un deles unha quenda inicial de dez minutos, posteriormente o señor conselleiro, por un tempo de 10 minutos darlle resposta ás súas inquedanzas. Os grupos rematan cunha quenda de cinco minutos cada un deles, e o señor conselleiro pode pechar a comparecencia tamén cunha quenda flexible de cinco minutos.

E sen máis, señor Gómez Caamaño, reiterando o seu agradecemento a vostede ao seu equipo pola súa presenza hoxe, ten vostede a palabra cando queira.

O **conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño):** Grazas, señora presidenta.

Señorías, bo día.

É unha satisfacción para min comparecer nesta comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento galego, para presentar o proxecto de orzamentos da Consellería de Sanidade para 2025.

É unha honra, é un orgullo persoal e profesional estar aquí por primeira vez como máximo responsable da saúde das galegas e dos galegos. E como tal, tratarei de expoñer coa máxima claridade e concreción as liñas estratéxicas e os investimentos prioritarios que guiarán a acción da Consellería do vindeiro ano, e que son froito dun laborioso traballo.

Por iso quero agradecer en primeiro lugar o esforzo de todo o persoal da Consellería, e o Servizo Galego de Saúde, que contribuíu á elaboración destes orzamentos que hoxe presentamos.

Señorías, unha vez máis o Goberno galego aproba os orzamentos en tempo e forma, unha vez máis os orzamentos da Xunta baten récords e volven a medrar un 2,6 %, sendo os máis altos da historia, case 14.000 millóns de euros. Unha vez máis, as contas autonómicas destacan polo seu marcado acento social. 3 de cada 4 euros destínanse ás persoas: sanidade, educación, políticas sociais, superando por vez primeira a barreira dos 10.000 millóns de euros.

Unha vez máis o Executivo autonómico sitúa á sanidade pública á cabeza das súas prioridades, sendo a Consellería de Sanidade o departamento autonómico que o vindeiro ano novamente manexará o maior orzamento da Xunta: 5.458 millóns de euros, destinados a protexer, atender e coidar a saúde dos galegos. O 40 % do total do orzamento da Xunta.

O noso deber é obter os mellores resultados desta pousa, e garantir que cada euro investido vaia destinado a preservar a saúde da cidadanía, e garantir unha cobertura sanitaria integral. Teñen aquí o gráfico no que se expón o que acabo de dicir: orzamento 5.458 millóns de euros, 266 millóns máis que o ano pasado. O 40 % do orzamento total da Xunta.

Como é lóxico, os orzamentos son acordes á nova etapa que vimos de iniciar, co obxectivo de transformar e optimizar a sanidade. Tamén responderán aos cambios que levamos a cabo na estrutura orgánica da Consellería, co obxectivo de reforzar áreas estratéxicas para atender necesidades crecentes. A saúde mental, para o que creamos unha Subdirección xeral de atención á saúde mental, a enfermería como piar básico da asistencia sanitaria, para o que creamos a Unidade de Procesos de Enfermería, a implantación de estratexias de saúde pública co impulso do Centro Galego de Control e prevención de enfermidades, e aposta pola transformación dixital da sanidade coa creación do servizo de Xestión intelixente de dato e intelixencia artificial.

As contas do vindeiro exercicio están deseñadas, tendo en conta os desafíos que temos por diante. En primeiro lugar, as características poboacionais de Galicia, cada vez máis aventellada, pluripatolóxica e polimedicada, o que obriga a orientar as políticas sanitarias cara accións e programas de atención específicos.

En segundo lugar, a distribución territorial desa poboación, rural e dispersa, o que obriga a potenciar novos programas de atención que primen a asistencia domiciliaria, e garantan o acceso igualitario a unha asistencia de calidade.

E terceiro, a falta de médicos, que obriga a planificar os recursos humanos dispoñibles da mellor maneira para garantir a máxima cobertura e a asistencia a todo o territorio.

Tendo en conta estas premisas, as contas da Consellería de Sanidade para o vindeiro ano elévanse ata os 5.458 millóns de euros, as máis altas da historia. Increméntanse en 266 millóns, o que supón en termos porcentuais un 5,1 % de aumento, un incremento que se ve reflectido, tanto na atención hospitalaria —á que se destinarán un total de 3.478 millóns de euros, un 5,1 % máis— , como no primeiro nivel asistencial na atención primaria, que contará do vindeiro exercicio cun total de 1.668 millóns, experimentando un incremento porcentual do 5,4 %, por enriba do que medran en xeral os orzamentos, o que significa 85 millóns máis para a atención primaria que o ano pasado.

A nivel global destaca o dedicado ao capítulo de persoal, 2.394 millóns de euros, un incremento de preto do 6 % para cumprir cos acordos acadados nas mesas sectoriais de mellora das condicións laborais dos profesionais.

Tamén son salientables os preto de 442 millóns de euros, que recolle o capítulo de investimentos reais, onde se engloban as partidas para a execución das grandes infraestruturas e equipamentos sanitarios. De feito, as contas aumentan un 4,8 %, ata os 268 millóns de euros os recursos que destinamos ás obras de mellora dos nosos hospitais e centros de saúde e ao seu equipamento.

E xa non tanto pola cantidade senón pola súa funcionalidade, son de destacar os case 60 millóns dirixidos a potenciar as tecnoloxías e a intelixencia artificial. Tendo en conta os retos futuros e os obxectivos fixados, as contas da Consellería de Sanidade o vindeiro ano estarán centradas en dez liñas prioritarias de actuación.

Un, a prevención da enfermidade e a protección da saúde; dous, garantir a mellor asistencia paciente a través dun reforzo da atención primaria como porta de acceso e eixe vertebrador do sistema; tres, optimizar a atención hospitalaria incorporando novas prestacións; catro, orientar todas as nosas actuacións sanitarias cara resultados en saúde, para o que crearemos unha oficina técnica específica; cinco, potenciar os programas en materia de saúde mental; seis, garantir a axeitada prestación farmacéutica á poboación; sete, investir en infraestruturas hospitalarias e centros de saúde seguindo criterios de humanización, sostenibilidade e de economía circular; oito, mellorar as condicións de traballo dos profesionais da sanidade pública; nove, aproveitar as potencialidades das novas tecnoloxías e a intelixencia artificial, e de fomentar a formación e a investigación como motor do progreso, non só a través de ensaios clínicos, senón tamén de estudos en vida real.

Saúde pública. Señorías, non hai mellor xeito de traballar polos galegos que desde a prevención e o control das enfermidades, a promoción do estilo de vida saudable e a protección da saúde. O obxectivo que nos marcamos é acadar unha saúde pública proactiva, innovadora, de calidade, e pragmática. Deste xeito, a Dirección Xeral de Saúde Pública xestionará o orzamento de 88,5 millóns, o que supón un crecemento do 4,6 % máis. Temos o calendario de vacinación para toda a vida máis completo do mundo, e queremos consolidalo. Por iso incrementamos nun 3,27 %, ata acadar os 41 millóns de

euros, o investimento máis elevado destinado ao programa Galego de vacinación. 41 millóns de euros que nos permitirán ampliar as coberturas e incorporar as melloras nas vacinas para seguir protexendo novos grupos de poboación.

Así, tras autorizar algunhas vacinas e incorporar desde 2022 outras novas, este ano seguiremos á vangarda, aumentar a protección dos varóns fronte ao virus do papiloma humano. Avaliaremos ademais novas estratexias de vacinación na adolescencia, e introduciremos a protección fronte ao neumococo en determinados grupos de risco.

Incorporaremos os datos da vida real na avaliación das campañas de vacinación, para reforzar o coñecemento e mellorar a prevención de enfermidades transmisibles, para continuar sendo referentes europeos. Neste eido, impulsaremos un novo plan para a prevención e control do virus da inmunodeficiencia humana e infeccións de transmisión sexual. Ao igual seguiremos a desenvolver a estratexia para a eliminación de hepatites C coa liña pioneira de cribado en persoas de 40 a 69 anos, e co programa galego da prevención e control da tuberculose.

Reforzaremos o sistemas de vixilancia epidemiolóxica para poder anticiparnos e responder con axilidade a futuros problemas de saúde pública. Seguiremos con programas de promoción de estilos de vida saudables, educación para a saúde, plan obesidade cero, adestra a túa saúde, accións impulsadas a través da Rede Galega de promoción en saúde.

No eido da prevención de condutas aditivas, 2025 será o ano de entrada en vigor da Lei de protección de saúde das persoas menores, e prevención de condutas aditivas. Reforzará as medidas de control do botellón, avanzará na rehabilitación de publicidade e alcohol preto dos centros educativos, e prohibirá as novas formas de consumo de risco, como a combinación con bebidas enerxéticas por parte dos menores. Ademais, aplicará aos vapeadores a mesma restrición de venda que o tabaco.

Darémoslle continuidade ao Plan galego inspira saúde, que incide na deshabituación tabática, nos programas de espazo sen fume, e na prevención do cancro de pulmón. E poremos en marcha un novo programa de prevención, construíndo saúde, dirixido aos rapaces de secundaria, co obxectivo de fomentar comportamentos saudables e evitar o desenvolvemento de condutas adictivas.

Señorías, na detección precoz de enfermidades Galicia ten un sistema fronte ao cancro no que somos referente, e no que vimos de afondar porque temos a súa eficacia. Para iso, os orzamentos destinados á detección precoz de enfermidades, serán os máis altos da historia, que medran un 7,6 % ata acadar os 2,8 millóns de euros, o que nos permitirá seguir coa intervención temperá que resulta clave na prevención e tratamento de enfermidades graves.

Manteremos así os programas existentes na detección precoz de enfermidades xenéticas, endocrinas e metabólicas, o cribado de sordeira neonatal, e os cribados de

cancro de mama estendidos xa ata os 74 anos, de colon e de cérvix, ademais de continuar coas pilotaxes en marcha dos cribados de cancro de pulmón e cancro de próstata.

En Galicia xa temos o programa de cribado neonatal máis completo de España, e imos seguir ampliando. Xa no vindeiro mes de novembro, incorporaremos tres novas patoloxías de cribado, e xa este ano tamén implantaremos o cribado neonatal de cardiopatías conxénitas críticas, unha das principais causas de mortalidade infantil, especialmente nos primeiros días de vida.

Tamén teremos o vindeiro ano os primeiros resultados dun proxecto que nos enche de orgullo, especialmente pola súa singularidade, o proxecto Xenoma Galicia, que se pilotará de forma inmediata coa toma de mostras de ADN de 2.000 cidadáns entre 35 e 70 anos, cun orzamento e 17,5 millóns de euros. Este cribado xenético permitirá determinar que pacientes teñen alto risco de padecer cancro de mama ou ovario hereditario, síndrome de Links ou hipercolesterolemia familiar.

Imos coa atención primaria. Señorías, o sistema sanitario galego está inmerso nun proceso de transformación profunda, marcado por cambios tecnolóxicos, demográficos e organizativos que buscan garantir unha atención sanitaria de calidade para toda a cidadanía. No marco desta transformación profunda, destinaremos un importante volume de recursos á atención primaria. O investimento que destinaremos medra ata os 1.668 millóns de euros, cifra que se a comparamos coa do ano 2009, supón un incremento porcentual do 16,1 %. Concretamente, á adquisición de equipamento para atención primaria, destinaremos un total de 8,4 millóns de euros, tendo en conta os 5,6 millóns de euros do plan de acción de atención primaria, e os 2,7 millóns previstos para o equipamento do Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia e Vigo, 1 millón, o equipamento do Centro de Saúde de Moaña, 1 millón, e o equipamento do centro de Saúde de Porriño, 0, 7 millóns.

Incrementaremos o esforzo orzamentario destinado ás melloras tecnolóxicas e a dixitalización de todos os centros de saúde, 8,6 millóns, o que supón un 20,4 % máis co obxectivo de potenciar a capacidade resolutiva da atención primaria. Dentro desta folla de ruta, terán especial protagonismo os programas dirixidos á atención asistencial, como os plans locais de saúde, esenciais para adaptar os servizos sanitarios ás necesidades da poboación.

Actualmente temos xa 71 plans locais de saúde funcionando, e antes de que remate o ano teremos outros 23 máis, e no 2025 engadiremos 26 novos plans locais de saúde, ata acadar os 120.

Potenciaremos a Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria, en funcionamento desde o 2023, con resultados positivos máis de 91.000 actividades relacionadas no territorio.

PARLAMENTO DE GALICIA

Reforzaremos a calidade da atención primaria co Plan galego de atención domiciliaria en atención primaria, que potencia a asistencia no domicilio e asistencia nas zonas rurais, con equipos especializados de enfermería para unha asistencia máis próxima e personalizada, para continuar garantindo os principios de equidade, calidade e accesibilidade, implementaremos o plan organizativo e funcional para a atención primaria no ámbito rural, como medio para facer fronte ás necesidades específicas do eido rural galego.

Tamén estamos a potenciar a cirurxía menor en atención primaria. Xa temos acordadas as patoloxías que se operarán nos centros de saúde, como afectacións cutáneas ou lesións nas uñas, que reducirán os desprazamentos aos hospitais.

Ademais, de cara a achegar máis servizos sanitarios ao rural, poremos en marcha unha unidade de raios móbiles, que se irá desprazando por determinados concellos, dando apoio aos centros de saúde. Esta aposta por achegar a asistencia sanitaria aos pacientes, a implantación da historia clínica electrónica IANUS 5, supón un auténtico cambio de paradigma. Por poñer un exemplo, a través do proxecto E-diabetes, incorporaremos de forma automática os datos glicémicos nas históricas clínicas dos pacientes, coa entrega a domicilio de sensores que evita desprazamentos innecesarios aos centros sanitarios, e permite reducir o número de citas médicas.

No marco da transformación, facilitaremos un novo modelo de tarxeta sanitaria, que non só incorporará melloras tecnolóxicas para facilitar o acceso dos pacientes aos servizos, senón que incluirá outros aspectos como o uso de braille, garantindo así a accesibilidade para persoas con discapacidade visual.

Ademais, para garantir a necesitaría continuidade asistencial entre a atención primaria e hospitalaria, imos desenvolver un programa de integración asistencial para establecer circuítos que melloren os resultados en saúde. Afondaremos na redución da burocracia en atención primaria, co posta en marcha de novas medidas para lograr que os médicos dediquen o máximo tempo a atender aos pacientes. Neste obxectivo será fundamental o reforzo do centro de apoio de atención primaria, que incrementará a súa capacidade de xestionar recetas e aliviar a carga de traballo dos centros de saúde de menor tamaño.

A atención hospitalaria, no 2025 medra tamén o orzamento destinado á atención hospitalaria, aínda que nunha porcentaxe menor que a atención primaria. Crece un 5,1 % e elévase aos 3.478 millóns de euros. En equipamento hospitalario, consignamos 49,5 millóns de euros, o que supón unha suba do 18 %. Destacan os 30 millóns para a primeira fase de equipamiento de novo Montecelo Celo, 2,6 millóns para a adquisición de ecógrafos para hospitais comarcais; 1,8 millóns para a dotación de equipamento na UCI do CHOU; 1 millón de euros para o equipamento das unidades de reprodución humana asistida, ademais dos 8,2 millóns consignados en servizos centrais, e os 3,5 millóns no orzamento das áreas sanitarias para a adquisición de equipamento.

A ampliación dos cribados poboacionais de detección precoz e o envellecemento progresivo da poboación, están entre os factores fundamentais do incremento da actividade cirúrxica. En Galicia, queremos seguir manténdonos como unha das comunidades con mellor tempo medio de espera, e menor número de pacientes pendentes, tanto na área cirúrxica como na área de primeiras consultas.

Somos a cuarta comunidade con mellores tempos de espera media cirúrxica, 50 días menos que a espera española. En tempo medio de espera para unha primeira consulta, estamos 22 días menos por debaixo da media española. Ademais, a porcentaxe de pacientes que esperan máis de 60 días, é inferior en máis de 13,5 puntos porcentuais respecto á media nacional.

Seguiremos mellorando a asistencia hospitalaria, tendo en conta a atención do evento saúdos urxentes e emerxentes, código Ictus, código infártico, código shokc cardioxénico, para o que contamos co extraordinario apoio dos profesionais sanitarios do 061.

Estamos dispostos a impulsar a carteira de servizos co desenvolvemento dunha nova estratexia de hospitalización a domicilio, un plan galego de coidados paliativos, que acade tamén aos máis pequenos, e a especial atención aos pacientes con enfermidades raras.

No 2025 acadaremos un fito na produción de terapias con células cart-t, isto será un grande avance na medicina personalizada e de precisión. Neste eido impulsaremos a creación dun consello asesor de terapias avanzadas, co obxectivo de garantir un acceso equitativo e unha utilización homoxénea, segura e eficiente destes medicamentos. Especialmente o modelo de excelencia asistencial en cancro, avanzará en novos plans de abordaxe da enfermidade, e coa nova carteira de biomarcadores, cun investimento de 1 millón de euros en equipamentos de secuenciación de nova xeración.

E todo isto, guiado polo Comité Molecular de Tumores que acabamos de constituír. Señorías, os orzamentos recollen o orzamento necesario para cumprir un compromiso de goberno.

A posta en marcha do plan galego de reprodución asistida, contará con 2,7 millóns para persoal, equipamento e mellora das infraestruturas, para acadar os máis altos estándares de calidade e seguridade, na que será sen ningunha dúbida, a carteira de prestacións máis ampla do Estado.

Imos ampliar de modo progresivo ata os 45 anos a idade máxima para poder someterse a un tratamento deste tipo, eliminando o límite dun único fillo para poder acceder ás terapias, e permitindo que as mulleres poidan conxelar os seus óvulos sen necesidade de ter patoloxía previa. Tamén a aquelas de entre 30 e 35 anos, que por motivos persoais queiran pospoñer a súa maternidade.

PARLAMENTO DE GALICIA

As contas do 2025 permitiranos a adquisición do equipamento e a creación de prazas para o desenvolvemento progresivo do plan, elevando desde 2024 ata 2028, tanto á poboación como supostos beneficiados polos tratamentos.

O vindeiro ano ademais, continuaremos impulsando o sistema de resonancias móbiles do Servizo Galego de Saúde, e a nosa previsión é que poidamos realizar máis de 70.000 resonancias nestas unidades móbiles.

Un breve comentario a resultados en saúde, nos últimos anos medrou exponencialmente a capacidade de resposta o sistema sanitario galego, no que se multiplicaron as liñas de actuación en prevención, diagnóstico e asistencia das enfermidades. Agora un dos nosos maiores desafíos consiste en avaliar con precisión os resultados dese inxente esforzo, para utilizar o seu funcionamento, orientalo cara a resultados e saúde.

A ese fin, precisamente estará enfocada a Oficina técnica de Resultados en Saúde, e o Comité técnico asesor de resultados en saúde, e o constituiremos antes de remate este ano. O obxectivo é, durante o vindeiro exercicio definir e abordar o plan estratéxico galego de resultados en saúde, e garantirá equidade, sostenibilidade, e a mellor calidade asistencial do servizo público de saúde de Galicia.

Saúde mental. Señorías, a saúde mental á cada vez máis o asunto prioritario para o Goberno galego, demostramos a nosa vontade de priorización coa creación dunha subdirección xeral específica, e tamén o demostramos coas partidas que reservamos nas contas para este fin, máis de 16 millóns de euros.

Galicia estivo á vangarda nesa materia, aprobando o Plan de saúde mental post COVID, dotado cun investimento de 83 millóns, que permitiu a creación e 244 prazas para profesionais de saúde mental. Estamos a avaliar agora os seus resultados co fin de elaborar o novo plan de saúde mental para os vindeiros 4 anos, máis ambicioso e adaptado ás necesidades actuais. Temos unha rede de Psicoloxía Clínica en atención primaria, achegando a atención da saúde mental aos centros de saúde e aos pacientes.

Tras crear unidades de hospitalización infanto-xuvenil en Vigo e en Santiago, e ter en marcha os hospitais de día de saúde mental infantoxuvenil nas sete áreas sanitarias, ampliaremos a atención psiquiátrica infanto-xuvenil ata os 18 anos, chegando aos 21 anos no caso de trastorno do espectro autista e TDH, e poñendo en marcha programas de transición á idade adulta.

Ademais, axudaremos a atención educativa dos adolescentes, en colaboración coa Consellería de Educación, incorporando terapeutas ocupacionais que axuden neste cometido. Potenciaremos os programas de prevención do suicidio, que disporán de 1,2 millóns de euros, no que priorizaremos tamén a atención aos nosos adolescentes. Nese marco seguiremos co programa Yam ademais do Código Agarimo a través do 061.

Como liñas novidosas da actuación, impulsaremos unha iniciativa encamiñada a localizar os puntos negros de suicido, co fin de adoptar as medidas arquitectónicas necesarias dentro das instalacións de competencia autonómica, e crearemos a Rede Galega de autopsia psicolóxica, en colaboración co Imelga, para previr condutas suicidas.

Os orzamentos reservan ademais unha partida de 1 millón de euros, un 10 % máis para a atención ao trastorno mental grave en réxime residencial, e máis de 8 millóns para seguir traballando de man das distintas asociacións que prestan servizo e atención no eido das adiccións.

Atención farmacéutica. Señorías, Galicia é unha das comunidades con maior porcentaxe de xente maior de 65 anos. Isto implica que temos que destinar máis recursos para atender as necesidades dunha poboación con maior prevalencia de enfermidades e tratamentos crónicos, tamén no eido da farmacia hospitalaria e das recetas que se dispensan aos pacientes. Atendendo a estes factores reservamos 884,5 millóns para garantir unha cobertura das necesidades dos usuarios e medicamentos a través da receita farmacéutica.

Respecto ao gasto en farmacia hospitalaria, prevemos o incremento do 8,8 % ata acadar os 613 millóns para facer fronte ao investimento nos tratamentos do ámbito hospitalario. Este incremento nos recursos que se destinan nos tratamentos hospitalarios, vén motivado pola tendencia á cronificación, melloras no diagnóstico, detección precoz de enfermidades, acceso temperá á innovación terapéutica, tratamentos de enfermidades raras, ou inmunoterapia oncolóxica en estadios temperás, onde o volume de poboación é maior. E tamén ao longo do vindeiro ano, avanzaremos na declaración de zonas farmacéuticas especiais para garantir a prestación farmacéutica no rural en condiciones de calidade, preservando o dereito de toda a cidadanía a unha atención farmacéutica próxima.

Pasando xa ás infraestruturas sanitarias, consignamos as cuantías necesarias para cumprir a planificación marcada para a mellora dos hospitais públicos, e o avance na execución do Plan de infraestruturas de atención primaria. Ademais da dotación do equipo necesario.

Prodúcese unha suba significativa no investimento destinado a obras nos centros de saúde, será un total de 46,5 millóns para a construción de novos centros de saúde ou reforma dos existentes. Isto significa, un incremento de 15,8 millóns, un 52 % máis con respecto ao pasado exercicio, mostra da importancia que lle damos a este nivel asistencial de atención primaria.

Estes investimentos permitiranos finalizar o Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia en Vigo, con preto de 10 millóns que reservamos para o remate das obras, e tamén avanzar o CIS de Ourense, contará cun orzamento de case 2,6 millóns. Remataremos ademais o novo centro de saúde de Moaña, 3,8 millóns; Abegondo, 2,1

millóns. Avanzaremos nas obras dos centros de saúde de Vilagarcía de Arousa, 9,2 millóns; a Rúa,1,6 millóns; Conxo, 4,3 millóns.

Recollemos tamén os importes precisos para dar comezo no 2025 a execución dos centros de saúde de Boborás, Barro, Muíños, Antas de Ulla, ou A Milagrosa en Lugo. Ademais, consignaremos o orzamento para a contratación na redacción dos proxectos dos novos centros de saúde nos concellos de: Meis, Noia, Sanxenxo, Ponteareas, Mos ou Meira nos que estamos xa traballar, da man das administracións locais avanzaremos na formalización das cesión dos terreos necesarios, que nos permitan seguir cumprindo o plan de infraestruturas de atención primaria, como pode ser o caso do centro de saúde de Ribadeo, Teo, Pantón, Carballo ou Carballiño.

Temos tamén en marcha a maior transformación das infraestruturas hospitalarias, e esa gran aposta tamén se ve reflectida nas contas, con preto de 164 millóns destinados á construción, ampliación e reforma en marcha dos hospitais públicas.

O ano 2025 será o ano de finalización de execución na primeira fase do hospital público novo Montecelo, destinaremos 42 millóns para rematar esta obra e avanzar nas actuacións do aparcadoiro e nova cafetaría, ademais dos 30 millóns de equipamento.

Reservamos 37,7 millóns para avanzar nas actuacións xa en marcha no novo CHUAC: a torre polivalente, a mellora dos accesos, e a demolición do hotel de Doentes, a iniciar as seguintes fases. E prevemos as partidas plurianuais para completar o orzamento comprometido, sabendo que este é o maior investimento sanitario en marcha.

Seguiremos avanzando nas obras do complexo hospitalario de Ferrol, cunha dotación de 14,4 millóns para a fase 1 do Plan director en execución, e 1,2 millóns para o proxecto da fase final.

Continuaremos coa ampliación do complexo hospitalario de Ourense, con 27,3 millóns, e do complexo hospitalario de Santiago un 10,8 millóns de euros, e o compromiso de avanzar na (non se entende) e aparcadoiro, preto de 10 millóns serán o que nos permitirán rematar no próximo ano a obra civil do Centro de Protonterapia de Galicia, no que imos á vangarda, e recollemos un investimento de 14 millóns para actuacións dos hospitais da Mariña, Barbanza e Monforte.

Tamén melloraremos as infraestruturas da Axencia Galega de sangue, órganos e tecidos, renovando o local de doazón hospitalaria de Vigo, e adquirindo unha nova unidade móbil por importe de 496.000 euros. Dotamos así de mellores instalacións á Axencia, de forma coordinada os centros hospitalarios e dentro da súa estratexia de innovación, a axencia está a desenvolver o proxecto (non se entende), para o deseño e implantación nun sistema de información que garante a xestión segura, a absoluta trazabilidade de compoñentes sanguíneos e produtos de terapia celular.

Este proxecto disporá dun orzamento de 180.000 euros, e permitirá desenvolver a nova carpeta do doador en Sergas móbil, onde disporá de toda a información. Tras a mellora da base do O61 no Salnés, que levamos a cabo este ano, do vindeiro exercicio continuaremos co plan de reforma, modernización, accesibilidade, adaptación e educación das bases do 061 cun investimento de 560.000 euros. Deste xeito, non só incluímos nos orzamentos os créditos necesarios para garantir o transporte sanitario urxente, que contará con máis persoal e con máis medios como a nova ambulancia de Moaña, senón tamén para manter o servizo de operación telefónica do 061.

Profesionais. Señorías, como é lóxico nunha organización aglutina máis de 43.700 traballadores, a maior partida do orzamento correspóndese co que cada ano destinamos aos profesionais que conforman o sistema sanitario público. Deste xeito, o orzamento en persoal ascende a máis de 2.300 millóns de euros, o que supón un incremento orzamentario do 6 %. Este orzamento vai permitir cumprir os acordos da Mesa sectorial de redución de xornada, o incremento de prazas, e a estabilización la plantilla con 45 millóns de euros. Concretamente, destinaremos 18 millóns para cumprir o noso compromiso e reducir...

A **presidenta (Presas Bergantiños)**: Prégolle que intente ir concluíndo, señor conselleiro.

O **conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño):** ...a xornada laboral ordinaria, acadando así a redución total de 112 pactadas.

E continuaremos coa estabilización do cadro de persoal en diversas categorías. 390 prazas para o que reservamos 26,7 millóns de euros.

Ademais, dotaranse as prazas necesarias para a posta en funcionamento do Centro de Protonterapia de Galicia, e tamén para o Plan estratéxico de reprodución humana asistida. En conxunto, as contas do vindeiro ano permitirán crear un total de 1.412 prazas no Servizo Galego de Saúde.

Na lei de medidas introducimos unha modificación dirixida a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura, para que os servizos prestados nos distritos sanitarios de Barbanza e no Salnés, computen o triplo.

A paliar o déficit de profesionais, tamén vai dirixido ao Plan de ordenación de recursos humanos, que aprobaremos o vindeiro ano. Permitirá dispoñer dun mapa preciso de profesionais dispoñibles e dos que estaban formándose para anticiparnos á demanda do futuro. E continuaremos a desenvolver o plan de mellora da xestión da incapacidade temporal, coa posta en marcha de programas de control del absentismo.

En liña coa aposta que vimos facendo pola formación especializada, os orzamentos reservan a partida necesaria para a actuación de 109 prazas máis, 84,5 millóns de euros, un 7,2 % máis, e ademais ofertaremos o maior número de prazas de formación

especializada na historia de Galicia, 657 prazas. Ofertaremos o cen por cen das prazas acreditadas en medicina familiar e imperativa, cun incremento do 7,7 % en especialidades relacionadas ou a saúde mental.

O compromiso coa investigación se traduce en 23,3 millóns de euros que reservamos para este fin, ademais dos 47,7 millóns de euros para diferenciar a fundacións públicas galegas de investigación.

Vou rematando, non sen antes referirme á aposta decidida pola transformación da sanidade galega a través das novas tecnoloxías, goberno de datos e intelixencia artificial. No 2025, daremos un novo pulo ao desenvolvemento do plan estratéxico de transformación en saúde dixital 2023-2026, e a este fin de sinalariamos case 60 millóns de euros. Investiremos no uso de sistemas de robotización para optimizar os procesos de (non se entende), xestión de atención de probas...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Se pode ir sintetizando, señor conselleiro.

O **conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño):** ..vou rematando.

Nesta primeira quenda de intervención, tratei de presentar os principais obxectivos e as liñas centrais do traballo que guiarán a nosa acción no eido da saúde no vindeiro ano. Un compendio de actuacións que contan co respaldo orzamentario necesario, supoñen o 40 % do total das contas da Xunta para 2025, e representan o maior orzamento da historia na sanidade pública galega: 5458 millóns de euros.

Moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor Gómez. Tamaño, pola súa achega.

Pasamos a quenda dos grupos parlamentarios, comezando polo Mixto, señor Ojea.

O **señor Ojea Bouza**: Grazas, presidenta.

Grazas, señor conselleiro e ao seu equipo pola súa presenza aquí.

Como seguramente sabe, señor conselleiro, o partido que capitaliza ao Grupo Mixto neste Parlamento ao que represento, fai unha lectura dos orzamentos, fundamentalmente en clave territorial, na defensa dos dereitos e dos intereses lexítimos da provincia de Ourense en todos os aspectos, e particularmente no aspecto que lle atañe a vostede.

Vou empezar primeiro falando do que lle atañe directamente como conselleiro, e despois do que lle atañe indirectamente, como parte dun Goberno máis amplo.

As demandas en sanidade da provincia de Ourense, estou seguro de que as coñece perfectamente, pero non por iso vou deixar de lembrarllas. Os problemas sanitarios que habitualmente abordamos aquí, é que son, digamos sistémicos de toda Galicia, por non dicir xa de todo o país, están especialmente agudizados na provincia de Ourense, empezando por exemplo polos problemas laborais que vostede coñece, lévanse feito mesmo plataformas de profesionais na demanda dos seus dereitos laborais. Tamén sabe que moitos casos levan sido xudicializados, e unha gran parte do orzamento da Xunta de Galicia vaise en costas xudiciais, o cal non é a mellor maneira de gastar os recursos, e tería sido mellor que eses gastos consecuencia da xudicialización de moitos problemas laborais e doutros tipos fosen directamente a paliar as enfermidades e as deficiencias en materia sanitaria. Pero claro, se non varía a maneira de traballar, seguiranse xudicializado moitísimos casos, e moitos coas molestias pertinentes, ou sexa que traten de solucionar cuanto antes eses crónicos problemas laborais da enfermería e da medicina. Xa sabe vostede que os sindicatos do ramo están facendo moitas veces concentracións, folgas etc., etc.

Entón iso por un lado, por outro lado sabe que por exemplo, a fuga de profesionais, de médicos e enfermeiros, que é común a toda a autonomía, é especialmente aguda na provincia de Ourense, e tomen boa nota disto.

As infraestruturas, nomeou vostede algunhas das que están en proxecto, a verdade é que son bastante poucas en comparación co resto das provincias, tendo en conta ademais que o número de infraestruturas sanitarias na provincia de Ourense desde centros de saúde ata hospitais, é moi inferior. Falou do Hospital de Ourense, pero o que están facendo é unha ampliación, o que precisariamos sería un hospital de gran magnitude con todos os servizos que posibilitará que a cidadanía de Ourense non tivese que desprazarse para moitos destes servizos a outras áreas.

E sabe perfectamente cales son as demandas en centro de saúde, tanto na cidade na que está prevista de xeito inmediato, un no centro, pero hai demandas doutras moitas: Mariñamansa, Vinteún, que están proxectados desde hai tempo e parece ser que non termina de facerse, así como de moitas outras partes da provincia. Nomeou algunhas, pero dende logo que non son suficientes. Non fai falta que lles diga os nomes porque están todos os días na prensa, e entón vou aproveitar o tempo o mellor que poda.

Mire, fixemos un excell desde o meu grupo, mediante unha análise polo criterio territorial. Eu sei que moito do gasto sanitario, do gasto da partida de sanidade, non vai directamente a curar a ninguén, senón que se gasta no que poderiamos chamar o funcionamento interno dos servizos e en burocracia. E nese sentido, tamén sei que a maioría dos centros neurálxicos deses servizos atópanse na provincia da Coruña, concretamente moitos deles en Santiago de Compostela. Eu lévolle dito a varios

compañeiros seus conselleiros, que moitos destes servizos terían que empezar a centralizarse, primeiramente porque así hai un maior reparto do gasto económico nas catro provincias, e iso contribúe ao desarrollo económico de cada provincia.

Voulle tamén recordar, que a falta de desarrollo económico en determinadas áreas é causa de moitas patoloxías, tanto físicas como ambientais, onde non hai desembolso económico, e non hai calidade de vida, onde non hai calado calidade de vida hai falta de realización das persoas que por un lado ou se ven obrigadas a emigrar contribuíndo á despoboación, ou por outro lado se permanecen no seu sitio, van ter moitos problemas, desde sanitarios, porque derivan de situacións de ansiedade, ou de depresión, o que vai ampliar o número de adicións, ou de condutas non saudables, tanto desde o punto de vista físico como psíquico.

Entón, nese sentido, aínda que a vostede lle pareza que a falta de desarrollo económico dunha provincia non ten relación directa coa sanidade, pois si que a ten, porque a calidade da vida das persoas e a forma de vida das persoas inflúe directamente na súa saúde, e moitas dos gastos sanitarios van a ser consecuencia da falta de calidade de vida por falta de desarrollo económico dunha provincia.

Entón voulle dicir aquí uns números, según os cales o 49,65 % do orzamento da súa consellería, recaería territorialmente na provincia da Coruña, e soamente o 10,42 % na provincia de Ourense. E, volvo repetir, que isto é en gran medida pola concentración dos servizos, digamos non directamente de tipo sanitario, senón de tipo administrativo, ou doutros tipos na provincia da Coruña.

Voulle nomear algunhas partidas nas que territorialmente os cartos van ao cen por cen á provincia da Coruña, ata están aquí cos números: 201500459, adquisicións, así podo dicir o nome de todos, utilizando estes códigos que utilizan os contables.

Mire, adquisicións 100 % á Coruña, programas sanitarios, 100% á Coruña, actividades escénicas de apoio 100 % á Coruña, equipamento informático de saúde publico, o 100 % á Coruña, MRS enfermidades... ídem de ídem. Promoción estilos de vida saudables, 100%; Proxecto (non se entende) 100 %; coordinación da inspección, 100 %; información de saúde, 100 % á Coruña; información en saúde pública, 100 %; seguridade alimentaria, 100 %; sanidade ambiental, 100 % á Coruña; Programa de sistemas de información de saúde pública, 100 %; programa de coordinación e calidade, 100% á Coruña; seguridade alimentaria, 100 %; estratexia sanitaria, 100 %; tarxeta sanitaria, 100 %.

Estas son as partidas que digamos repercuten territorialmente polos motivos apuntados, ben sexa pola compoñente puramente sanitaria, ou pola compoñente de servizos na provincia da Coruña, e que loxicamente vai traer como consecuencia un desarrollo económico e social maior nesa provincia, que nas outras, e particularmente na provincia de Ourense.

Logo temos, máis ou menos, por particularizar nalgunhas, programa galego de vacinación, 12 % dos recursos para a provincia; programa de prevención e drogodependencias, 8,5 % para Ourense; Plan de obesidade cero, 12 %. Ou sexa, sempre unhas proporcións mínimas de gasto na provincia de Ourense.

Vólvolle repetir que isto non é ao mellor unha responsabilidade directa súa, porque vostede imaxino que asumirá preferentemente responsabilidades no ámbito sanitario, pero formando parte dun goberno, dun organigrama de goberno, tamén debería pensar un pouco niso, porque iso, como dicía antes, tráelle consecuencias.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir concluíndo, señor Ojea.

O **señor Ojea Bouza**: ...si.

Soamente voulle a dicir por exemplo, que falou de envellecemento, a provincia digamos con máis problemas de envellecemento, porque os novo márchanse a traballar onde hai traballo, onde hai vida, pois préstelle especial atención ás terapias e aos centros encamiñados a solucionar os problemas médicos da xente maior, especialmente na provincia de Ourense.

O colapso da atención primaria pois é común, pero particularmente agudizado tamén na provincia.

Xa sei que seguramente vostede non pensa nesta clave, nesta clave territorial, pero dándolle unha idea para que tamén de vez en cando aplique eses criterios.

Nada máis. Grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor Ojea.

Pasamos a quenda dos socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Espinosa durante dez minutos.

A **señora Espinosa Mangana**: Grazas, presidenta.

Benvido, conselleiro, a vostede e a todo o equipo.

Señor conselleiro, hoxe imos a debater o principal instrumento co que vai a contar durante o ano o 2025 para pór en marcha os obxectivos que expuxo en materia sanitaria. E seguramente compartimos moitos, ao mellor se baixo ao miúdo, podería dicir que todos, pero aquí tamén hai que aplicar iso de que a música soa moi ben, pero fáltalle a letra, neste caso fáltalle os números. Porque por encima de calquera outro obxectivo, o principal debería ser solucionar os problemas que ten a xente coa saúde e os problemas aos que deben enfrontarse os territorios en materia sanitaria, pero tamén os que teñen os profesionais da saúde.

E todos sabemos que o problema fundamental que teñen os galegos e as galegas está na atención primaria e nas grandes listas de espera, en atención hospitalaria ou consultas. Quizais estes presupostos son así, os que vostede nos transmitiu, porque vostedes seguen negando os problemas que se repiten día tras día ao longo de toda a comunidade autónoma, dende Fisterra, ao Barco de Valdeorras, dende A Mariña a Tui, pasando por onde queira, Monforte, Carballiño, Ribeira ou Vilagarcía. E o último espectáculo que vivimos, e que ofreceron foron os enfermos e as familias que desviaban a Ourense aos enfermos oncolóxicos por estar saturada o Servizo de radioterapia de Vigo.

Por iso, señor conselleiro, estes orzamentos que hoxe nos presenta son absolutamente desoladores, e tratarei no tempo que teño de darlles argumentos do porque.

Podería entrar en diferentes as partidas orzamentarias ou programas, pero como o meu tempo escaso, permítame que a miña análises e reflexión se centre no global, e logo se é posible descendo ao concreto e ao puntual.

E en primeiro lugar dicirlle, que se lle enche a boca dicindo que tres de cada catro euros van á sanidade, educación, política social e emprego. Pero señor conselleiro, lonxe quedan aqueles anos nos que os grandes investimentos ían para infraestruturas. Hoxe calquera orzamento de calquera das nosas comunidades autónomas, priman os servizos básicos, especialmente a sanidade. E vostede sabe perfectamente, que este orzamento non é suficiente.

Vostede sabe que conforme avanza o ano, os recursos dos que dispón no seu orzamento non son suficientes, e teñen que recorrer a modificacións orzamentarias para inxectar máis fondos que permitan atender ás necesidades que van aparecendo. Proba disto, é que o pasado mes a Xunta de Galicia recortou 61 millóns de euros en obra nova para tapar buracos en sanidade, pero sabe perfectamente que moitas destas modificacións van dirixidas á contratación de persoal, e á compra de material sanitario, e, insisto, no da contratación de persoal, porque ben agora ou na réplica intentarei entrar nese tema.

Ademais, o Consello de Contas ano tras ano, pon de manifesto importantes irregularidades por unha deficiente orzamentación ao existir un uso recorrente das ampliacións de créditos que van á alza, o uso indebido do fondo de continxencia, ou imputar gastos a exercicios que non se corresponde.

Señor conselleiro, volverán a repetir a xogada este ano. E é certo que a súa consellería é máis co Sergas, pero tamén sabemos que o Sergas é o que acapara un maior peso nos orzamentos da consellería. E o Consello de Contas, mediu ás desviacións que eu lle acabo de sinalar, e chega a dicir que no ano 2022, porque son os datos que temos, as modificacións supuxeron unha subida do 10,2 %, sobre o que estaba prevista nos orzamentos, e no ano anterior se quere, no 2021, un 7 %.

A última, á vista desta última noticia que eu lle acabo de citar, vai pasar o mesmo no ano 2024. Entón pregúntolle, ¿por que se fan trampas en solitario? Supoño que se dá conta, eses porcentaxes que eu lle acabo de dicir e que plasma o Consello de Contas das desviacións, son moi superiores ao que vostede propón nestes momentos de incremento.

Se quere dígollo en valores absolutos. Naquel momento no ano 2022, foron 458 millóns de euros as súas necesidades sobre o orzamento inicial. E agora, se non me equivoco, non chega nin a 270 millóns de euros.

¿Entende porque digo, señor conselleiro, que son desoladores? Porque non van chegar nin para tapar os buracos que ten para cubrir as súas necesidades, e entón ¿como van a chegar para pór en marcha os obxectivos que vostede nos trasladou aquí?

E cando falamos de sanidade, é moi típico co noso grupo, ao Grupo Socialista se lle trate de catastrofistas, pero a crúa realidade, señor Gómez Caamaño, é que o barómetro trimestral de sondaxe dicíallo claramente: o primeiro problema que teñen os galegos e as galegas, a maior inquietude que teñen os galegos e ás galegas, é a sanidade. E hoxe mesmo un medio de comunicación como o ABC, dicía que a sanidade a nivel do Estado situábase como o sexto problema máis importante.

Polo tanto, temos unha situación, polo menos de percepción dese problema moito máis grave en Galicia que no conxunto de España.

Por iso eu lle pregunto, ¿se cree señor conselleiro, que estes orzamentos se corresponden co que reflexa esa enquisa que é a maior preocupación dos galegos e das galegas? E eu dígolle, rotundamente que non. Son os orzamentos que quere Rueda, pero non os que Galicia necesita.

E imos velo con números. En atención primaria e en atención especializada, que efectivamente vostede dicía, son as partidas máis altas que vostede ten, e as dúas superan o cinco, por non entrar en datos máis concretos. Pero eu fixen un exercicio, fixen un lista de todas as partidas orzamentarias a tres díxitos, dos presupostos da Xunta de Galicia son 127 partidas a tres díxitos. Pois ben, 50 delas teñen unha porcentaxe de incremento maior que a atención primaria e que a atención especializada.

Señor conselleiro, está a actuar dunha forma torticera, porque sabe que necesitan máis diñeiro e non o orzan. Non sabemos se é a falta de peso no Goberno, a súa desidia, ou a desidia do presidente da Xunta de Galicia, vostede saberá. Pero de momento, a min o que me preocupa sinceramente, é que con estes orzamentos van a conseguir que a sanidade sega sendo a maior preocupación dos galegos e das galegas, e que estes presupostos sigan aumentando as desigualdades, e que o problema da saúde siga crecendo, que as listas de espera non baixan, os que teñen diñeiro acudirán á privada, e os que non o teñen pois a súa enfermidade posiblemente se agrave.

E a min teríame gustado, que hoxe trouxera aquí unha programación coa correspondente dotación orzamentaria para ir dando resposta a cada un dos problemas. É máis, dígollo con toda sinceridade, entendería perfectamente que fose unha formulación plurianual, porque así veriamos que tiñamos unha axenda de solución de cara ao futuro, porque entendo que tamén todo non se pode solucionar de hoxe para mañá. Pero non a trouxo, e este é outro motivo de desolación.

Teremos tempo na segunda intervención para profundizar algo máis, pero agora voulle expor dúas preguntas. Onte tamén un medio de comunicación titulaba una noticia, que as consultas nos centros de saúde crecerán un 15 % no próximo ano. En realidade o que plasmaba son as súas previsións, as do Sergas, pero fronte a esta información tamén había un sindicato que dicía que ese número de consultas en concreto ao ano evidenciábase unha poboación enferma, ou un sistema sanitario fracasado.

Eu lle pregunto, entendo que este incremento está contemplado na plasmación dos orzamentos, e a miña pregunta é: ¿canto supón en número de médicos o cubrir este incremento de atención, ou incluso incluír

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir concluíndo, señora Espinos.

A **señora Espinosa Mangana:** ... a cirurxía maior, que foi obxecto de debate tamén? ¿Ou isto está pensado para que se incrementen as listas de espera?

Bueno, pregúntolle outra cousa e remato xa. ¿Cales son as necesidades numéricas de profesionais sanitarios, tendo en conta o incremento de consultas e xubilacións previstas, aplicación dos acordos sindicais con redución de horas, e cobertura de todas as vacantes?

Seguirei falando na segunda rolda porque agora sinceramente non me dá para máis.

Moitísimas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):**: Moitas grazas, señoras Espinosa.

Pasamos a quenda a quenda do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado Cores, cando queira.

A **señora Prado Cores**: Grazas, presidenta.

Bo día, conselleiro e toda a súa equipa, que por certo, como vostede os responsabilizou de ser os autores deste orzamento, como ten que ser, teño que dicirlle que moito o curraron, dígollo así con franqueza porque é bastante un corta e pega de orzamentos anteriores, e por iso o primeiro que teño que dicirllo claro, con todos os orzamentos anteriores dos últimos 15 anos desta última etapa do Goberno do Partido

Popular, os resultados que temos na sanidade pública do noso país son demoledores, son tremendas, temos peor asistencia, temos listas de espera en atención primaria. É dicir dinamitada totalmente a atención primaria, porque eu teño que lembrarlles que a atención primaria está baseada na proximidade, na accesibilidade, na inmediatez, e cando en atención primaria hai listas de espera de semanas, de 15 días e demais, e practicamente se está simplemente resolvendo a patoloxía urxente.

Non se está facendo prevención en moitos casos, non se está facendo seguimento, non hai anticipación, non hai prevención. O conselleiro fixo referencia á prevención limitando a vacinas e cribados, que esa é unha parte importante. Pero é que a prevención en saúde é anticiparse, e coñecer os problemas da poboación, é facer ese seguimento, e aí está totalmente dinamitada.

Listas de espera en atención hospitalaria brutais, a saúde mental agora a abordarei, entón claro repetindo o mesmo tipo de orzamento ano tras ano, dende logo moi intelixente non parece agardar resultados diferentes cando se fai un copia e pega do que se vén facendo. Por iso lles digo que igual terían que ter currado un pouquiño máis, se o obxectivo fose a solucionar os problemas da sanidade pública galega.

Tamén é claro que ese non é o obxectivo da equipa do Partido Popular, o obxectivo no que levan traballando denodadamente ano tras ano, é precisamente en voar a sanidade pública e poñer a alfombra vermella á sanidade privada. E así están os datos.

E, polo tanto, eu teño que manifestarlle realmente a preocupación do BNG porque os orzamentos non son pintar como querer, os orzamentos non son poñer números nun papel, que os fai un técnico respondendo a cuestións técnicas. Non, os orzamentos son a vontade política do Goberno que os presenta, e aquí destes orzamentos vese a vontade política do Goberno do Partido Popular que non teñen por obxectivo solucionar os problemas da sanidade pública do noso país. E a pesar da situación tan grave, da sanidade pública, estes orzamentos dende logo, perpetúan a folla de ruta do Partido Popular e de dinamitar a sanidade pública.

Aumentan un 4,9 %, totalmente insuficiente para dar resposta a eses problemas. E ese incremento practicamente unha parte importantísima xa o absorbe o IPC, porque a previsión de rematar este ano 2024 é un IPC do 2,9 %, ou 3 %, e bueno o 3 % como mínimo xa o absorbe o IPC, de feito moitísimas das partidas van para aumentar o gasto de servizos e outra serie de cuestións, acorde a ese IPC.

Bueno, datos. Imos empezar pola atención primaria. A atención primaria vostede definíaa como a porta de entrada, como... Non, a atención primaria, de verdade que tiña que ser o auténtico eixo vertebrador. Todos os informes de todos os expertos din que na atención primaria se resolven como mínimo o 80 % dos procesos de saúde da poboación, neste caso dos galegos e as galegas. E resulta que, o nivel onde se resolven o 80 % dos problemas de saúde da poboación galega, ten un orzamento que non chega ao 12 % do orzamento de sanidade. Datos do Ministerio de Sanidade. É así, e resulta que

eses datos pola contra din, que é a atención primaria en Galicia, están gastando por encima do 60 %. Están gastando por enriba do 60 %, fronte a ese escaso aínda non 12 % de atención primaria.

Claro, parece como que a aposta pola atención primaria, nos discursos e no papel aguántano todo, agora na realidade, cando imos á realidade dos números parece como que esa aposta non é así, porque mire dende o ano 2009 a atención primaria hoxe, en termos absolutos ten 231 millóns de euros máis. En termos absolutos, se lle aplicamos a inflación, porque evidentemente de 231 millóns de euros do ano 2025, non son os mesmos que do ano 2009. Pois ten menos. Mentres a atención hospitalaria ten 1.369 millóns de euros. E no acumulado, a atención primaria ten case 2.000 millóns de euros menos, se imos acumulando todo o que se deixou de investir, solo con manter o orzamento do ano 2009, que o normal sería incrementalo, pero solo con manter o do ano 2009, 2.000 millóns de euros menos que non investiron, mentres a atención hospitalaria ten case 8.000 millóns de euros máis que no ano 2009.

Bueno, con isto o que lle quero dicir, é que ese modelo hospitalcentrista, baseado en curar a enfermidade, e non na prevención nin na atención inmediata nin na resposta inmediata que ten que ser a atención primaria, pois vese con claridade nestes orzamentos.

E polo tanto, vostede falaba na atención primaria, melloras tecnolóxicas, atención asistencial, plan galego de atención domiciliaria. Vostede sabe que partes destes plans son con respecto a fondos europeos do plan de resilencia, que en canto se acaben todos estes plans desaparecen. Vostedes píntanos como que parece que están facendo unha aposta. Non, es una cosita temporal, iso é o que vostedes non din, que son plans solo con uns cartos que veñen aí da Unión Europea, que parece que podemos aplicalos en calquera cousa, pero non están creando dende logo estruturas estables que permitan dar esa continuidade e un volco, e un auténtico modelo de atención primaria que dea respostas ás necesidades da poboación.

Di vostede coa atención primaria van establecer a cirurxía menor ambulatoria, para que faga a atención primaria. Claro, a pregunta, calquera que non saiba cal é a situación poderá dicir, carai, que cousas novidosas fai aquí o Goberno do Partido Popular!. Claro, ¿Cal é a realidade, señor conselleiro? Que todas as medidas postas en marcha polos anteriores, e agora por vostede nas veces que tivemos oportunidade de escoitalo, van na dirección de que os mesmos profesionais, pois traballen máis, máis días. Si, traballen máis, vostedes fan bolsas para que a xente faga traballo a maiores, bolsas para que os do 061 e os que están nos PCAS, atendan os centros de saúde, e iso significa que os mesmos profesionais traballan máis días, atenden a máis doentes. Moitas veces traballan mañá e tarde, ás veces saen da garda de 24 horas e van a un centro de saúde e eu non quero nin para min nin para ningún galego e galega, que teña que ser atendido por un profesional que leva traballando non sei cantas horas. Nin quero que os profesionais estean nesa situación de extenuación.

E vostedes veñen aquí con máis propostas, e que ademais diso fagan cirurxía menor, e ademais lle van a colocar ecógrafos para que fagan máis probas, o cal nos parecería fantástico, se houbera os profesionais suficientes para facer todo isto, e neste momento non os hai nin sequera para atender á demanda ordinaria. Porque se os houbera non habería listas de espera. Así de claro.

Non aposta polo rural, vanlle levar unidades de radioloxía, e camións para non sei que cousas. Claro, cando acaben os programas estes deses cartos da Unión Europea, isto desaparecerá, como desapareceron xa outras cousas. Claro. Pero vostedes teñen a pouca vergonza de dicir que é unha aposta polo rural, cando están deixando ao rural pechando centros de saúde, sen ningún pediatra, e un profesional atendendo a todos os cupos, e concellos onde non queda absolutamente nada. E teñen a desvergonza de vir aquí e que teña unha aposta polo rural porque van cun programa temporal da Unión Europea, a levarlle camións para facer radiografías. Hai que ter un pouquiño máis de decoro e non tomar por gilipollas, perdóenme que use esta expresión, pero é que moi forte aos miles de persoas do rural que están abandonadas, están abandonadas, porque non teñen cerca un hospital, porque non teñen ambulancias medicalizadas, porque non chega alí nunca unha ambulancia medicalizada, e porque lle están deixando sen servizo nos centros de saúde. Esa é a realidade. Ou sexa, que eu pídolle, que por favor queda moi bonito. Si, si, eu xa sei que os anuncios e as obras de teatro tamén quedan moi ben, pero a realidade non ten que ver co teatro, e vostede hoxe veu aquí facer un teatrillo do que son as prioridades do Partido Popular.

Bueno, podemos seguir coas listas de espera. Mire, a realidade das listas de espera, é que neste momento, por certo ¿cando van publicar as listas de espera que tiñan que ter publicados en xuño? Unha pregunta, estanas maqueando, están facendo as actuacións de costume para logo publicalas. Nin sequera dúas veces ao ano están publicando, nin sequera iso.

Bueno, 210.000 galegos e galegas agardando por unha primeira consulta, 43.000 máis que antes da pandemia no ano 2009, 47.000 que agardan unha intervención cirúrxica, once mil e pico máis que no ano 2009, 119.000 pendentes dunha proba diagnóstica, case 40.000 máis que no ano 2009. E vostede presume de que son as listas de espera, que estamos mellor que o Estado. Bueno, primeiro que mal de moitos..., dende logo a min non me consola, pero claro, a ver se vostedes publican as listas non estruturais, e entón sabemos cantos están en lista de espera. Ou, como vostedes saben en consultas solo se publica a primeira consulta, que é onde vostedes poñen o acelerador, para vaian a primeira vez. Ah, os meses que pasan entre a primeira e a segunda, aí..., ou a terceira aí xa non sabemos ben...

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir rematando, señora Prado.

A **señora Prado Cores**: ...absolutamente nada.

Podemos falar da saúde mental. A min ábrenseme as carnes escoitalo, a vostede dicir que é unha aposta clara, que van poñer aí todo o acento e demais, cando a realidade é que neste orzamento vostede anuncio 16 millóns de euros, e logo dixo 8 para entidades e asociacións. É dicir, estrutura propia non, o que fai o Partido Popular é botarlle ao lombo a asociacións que fan un traballo moi loable, pero non é iso. O Goberno ten que responsabilizarse.

E cando di que vai dedicar 1 millón á asistencia residencial, claro cando temos neste momento a non sei cantas persoas ingresadas en centros de maiores que tiñan que estar en residencias. E fala dun novo plan, cando a realidade é que hai 700.000 para o plan de saúde mental postCovid, non sabemos en que se vai concretar iso, o que para a prevención do suicidio contempla 463.000 euros. —remato presidenta— darlle o dato tremendo, de que seguen a ser neste último ano 326 persoas as que se quitaron a vida, ou que hai

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Termine, por favor.

A **señora Prado Cores**: ... 10.043 esperando por unha primeira consulta en psiquiatría.

Logo se teño tempo, seguirei con estas cuestións, pero gustaríame que contestara a estas cuestións que lle plantexo, cales son as solucións que están neste orzamento reais para solucionar estes problemas.

Moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Prado.

Continuamos coa quenda dos populares de Galicia, señora Amigo cando queira.

A **señora Amigo Díaz**: Moitas grazas, presidenta.

Bos días a todos.

Benvido señor conselleiro, a vostede e ao seu equipo que hoxe o acompaña.

En primeiro lugar, agradecer, agradecer o traballo e o esforzo que sabemos que fan no día a día para asegurar, e para garantir un esmerado coidado da saúde dos galegos. Un traballo que non é sinxelo, e en non poucas ocasións, nin sinxelo nin agradecido. Acabamos de velo aquí agora.

Señorías, din na miña terra que non é o mesmo predicar que dar trigo. E na oposición temos moitos predicadores.

PARLAMENTO DE GALICIA

Señor conselleiro, eu alégrome por partida dobre que unha vez máis un conselleiro do Partido Popular veña aquí a sede parlamentaria, a presentar uns orzamentos en tempo e forma, como vostede dixo, para ser aprobado. E digo dobremente por dúas cuestións.

En primeiro lugar, porque, como vostede dixo, os orzamentos da Xunta de Galicia baten récords, soben un 2,6 % respecto aos do ano pasado, 13.954.000 millóns de euros. A sanidade pública galega sitúase á cabeza das prioridades do Goberno Rueda, con 5.458 millóns de euros, incrementándose nun 5,1 %, un 40 % do total dos orzamentos da Xunta de Galicia van para a sanidade.

E en segundo lugar, porque hai un ano, cando nesta mesma comisión se presentaban os orzamentos para este ano, ambos os dous grupos xa despediron ao conselleiro do Partido Popular, porque claro era ano electoral, e pensaban que ían gañar as eleccións cada un deles en solitario, ou se era o caso de que os números non lle desen, pois reeditaban un bipartito, que niso xa teñen experiencia.

Señora Prado, non defrauda, vostedes si que non defrauda nunca. Eu non sei se vostede é a conselleira de Sanidade do Goberno na sombra do Bloque Nacionalista Galego, dicía a miña abuela «Dios nos acompañe». Alégrome de que non se cumpriran os seus augurios, e hoxe contemos cun equipo competente que xestiona, traballa. E, señora Prado, non ofende quen quere, senón quen pode.

Entendemos que o labor da oposición debe ser a crítica e a fiscalización ao Goberno, ata aí o entendemos, pero o curioso señorías, é que ano tras ano non defraudan, e seguen co mesmo discurso catastrofista de sempre facendo apostolado dun hecatombe sanitaria galega, unha hecatombe que non acaba de chegar, e a pesar diso vostedes insisten e insisten cos seus mantras de sempre.

E ese si que é un corta e pega señorías. Calquera que os escoite e non coñecera o sistema sanitario galego, pensamos que estamos a nivel da sanidade de Ceuta e Melilla, por certo, sanidade que xestiona o Goberno central. E non, señorías, non. Afortunadamente en Galicia contamos cun Goberno serio que xestiona e goberna comprometido soamente coa xente, un Goberno que non depende de ninguén máis que dos galegos, que non necesitou pactos con ninguén para achegar ao Goberno, xa que revalidou o seu compromiso por quinta vez consecutiva, e contou cun 47,4 % dos votos dos galegos, e que permite que o presidente Rueda goce dunha maioría para poder formar equipos estables, que xestionan os recursos da comunidade. Un Goberno que ano tras ano, e xa van 16, aproba os presupostos en tempo e forma, o que significa darlle estabilidade á nosa comunidade autónoma, algo que a oposición non valora.

Menos mal que os galegos, os que viven aquí, os que algunha vez tiveron ou teñen que usar a sanidade pública, saben valorala, e valoran positivamente esta sanidade que temos en Galicia. Nos anos que levan na oposición, e xa van para 16, non acertaron nin un dos seus augurios catastrofistas. E o exemplo máis recente foi o acontecido este

verán, tamén fallaron, erraron o tiro e a boa xestión da consellería, xunto co valioso o esforzo dos profesionais, fixeron posibles que no verán, este verán en Galicia transcorrera sen ningunha incidencia.

A pesares dos problemas de falta de profesionais da saúde, que sofre todo o territorio nacional, o Goberno galego foi quen de xestionar e de poñer solucións alí onde se necesitaron. Non apoiaron nunca ningunha das solucións que o Goberno galego puxo enriba da mesa. Sempre contamos co seu voto en contra, e seguimos escoitando a teima de que deixamos de formar médicos, esquecendo que quen ten a potestade de marcar o número de prazas que cada ano se forman, é o Ministerio de Sanidade do Goberno de España. Ese que tanto lle importa ao señor Sánchez, un Goberno que cambia de ministro de Sanidade, como quen cambia de reloxo, 6 ministros en 6 anos. Algún nin 3 meses durou no cargo, e o sexto despois do penúltimo, que durou escasos 8 meses, xa acordou nese pacto de investidura regalarllo a Sumar.

E así están as cousas, e asuntos tan importantes como a decisión de cantos médicos formamos cada ano, para cando axilizamos as convalidación deses milleiros de médicos estranxeiros que están pendentes de homologar o seu título, sofren atascos permanentes, como os que sofren os viaxeiros dos trens.

Un ano despois dese pacto de PSOE e Sumar lía nun diario de onte, que a ministra Mónica García incumpre as súas promesas electorais, todas. Ningunha. Ese pacto, “España avanza, unha nueva coalición de gobierno progresista”. Unha das súas cousas que vou ler: «Hasta ahora la ampliación de plazas MIR realizadas por Sanidad, no ha llegado al 3 %, y lo máis importante, no se ha centrado en las de médico de familia. Recordemos que hoy en España hacen falta especialistas de familia y pediatría, entre 6.000 y 10.000 según las sociedades médicas, y unos 4.500 según el propio ministerio.»

É dicir, o Ministerio de Sanidade do Partido Socialista, que neste momento ten unha ministra de Sumar, sabe que faltan 4.500 médicos de familia e de pediatría, e non fai nada para solucionalo. Iso si eh, a culpa tena a Xunta de Galicia.

Miren, señorías, levamos anos nós aumentando e ofertando o cen por cen das prazas de medicina de atención primaria. Cando o bipartito estaba no Goberno só cubrían o 70 %, e nos 4 anos de Goberno do bipartito renunciou a formar 150 médicos de familia. Nós, desde o grupo maioritario da Cámara, o grupo do Partido Popular, o que elixiron os galegos para que levara as rendas da xestión autonómica co presidente Rueda o mando, agradecemos que nas contas do Goberno para o próximo ano, agradecemos iso que vostedes non, que 3 de cada 4 euros vaian a gastos sociais, a sanidade, a política social e a educación, superando por primeira vez eses 10.000 millóns de euros, e que destes 5.458 millóns de euros vaian exclusivamente á sanidade.

Medramos un 5,1 en atención hospitalaria, un 5,4 para o próximo exercicio en atención primaria. Uns orzamentos deseñados especificamente para reformar esas

áreas estratéxicas que o conselleiro dixo. Áreas tan importantes como a saúde mental, con esa nova subdirección xeral especificamente para a atención á saúde mental.

Esa creación da Unidade de Procesos de Enfermería, as estratexias de saúde pública co impulso do Centro Galego de Control e Prevención de enfermidades, porque sabemos que aí se temos unha saúde pública forte, imos ter unha mellor sanidade na nosa comunidade. Cun apoio específico para o rural, a cronicidade, o avellentamento, e tamén para a infancia, adolescencia, a muller, e por suposto, un apoio tamén para os nosos profesionais. Ou esa aposta pola transformación dixital da sanidade, coa creación do servizo de xestión intelixente do dato e intelixencia artificial.

Miren, señorías da oposición, non parece moi razoable acusar de recortes na sanidade pública a un Goberno que presentou consecutivamente entre o ano 2015 a 2025, os 11 orzamentos sanitarios máis altos da nosa comunidade, e que este ano volve superar aos do ano pasado.

Medran en todo, en gastos de persoal un 6 %, en saúde pública un 4,6 %, detección de cancro, un 7,6 %, en novas tecnoloxías e dixitalización de atención primaria, un 20 %. Medramos en todos os capítulos. Vostedes critican, critican os recortes, ¡pero que recortes! O certo e verdade é que no ano 2025 contaremos con 1.700, millóns máis dos que vostedes tiñan no ano 2009.

Nós, señorías, señor conselleiro, equipo da consellería, o que vostedes veñen a presentar aquí son unhas contas claras, o que veñen de escoitar dos grupos da oposición son contos, contas contra contos.

Moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Amigo.

Pasamos agora de novo á quenda do señor conselleiro, que por un tempo flexible, aínda que tamén lle prego contención, dadas as horas e que pola tarde continuamos, para dar resposta aos grupos.

O **conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño):** Grazas.

É a primeira vez que comparezo nesta comisión 3ª, para defender os orzamentos como conselleiro, pero non deixa de sorprenderme o seu negativismo, o seu afán por confrontar, a súa insistencia en desprestixiar un dos maiores patrimonios que temos os galegos, que é esa nosa sanidade pública. A sanidade pública galega debe ser motivo de orgullo, debe ser unha materia onde as achegas de todos sexan para sumar, e non para buscar liorta. Non podo entender esta maneira de facer política, nin como profesional nin como paciente, será que veño dun mundo diferente, un mundo baseado na evidencia e no rigor científico, non das trapalladas.

Máis orzamento, máis persoal, mellores condicións laborais, máis infraestruturas, que debemos contabilizar en moitos casos co mantemento da actividade asistencial, máis equipamento, máis prestacións sanitarias, máis vacinas, máis prevención e control da enfermidade, máis formación e investigación. Presentamos unhas contas destinadas a facer medrar a nosa sanidade pública en todos os aspectos.

Miren, señorías, os argumentos poden gustar máis o gustar menos, iso non o discuto. O que non é crible, é que non atopen ningunha medida positiva coa que estean de acordo en todas as contas. Nin unha. Na miña primeira intervención tratei de explicar os puntos prioritarios que marcará a acción da consellería, unha folla sustentada en 10 puntos prioritarios. Non os vou repetir.

Para desenvolver estas políticas teremos o vindeiro ano o orzamento máis alto que nunca antes tivo a sanidade pública galega, 5.458 millóns de euros, son 266 millóns máis que o pasado ano.

Direille máis, os orzamentos da Xunta medran un dous 2,6 %, pero os de Sanidade crecen un 5,14 %, e representan preto do 40 % do total do orzamento autonómico. Isto quere dicir en termos absolutos, que é o departamento que máis medra.

Imos con atención primaria. Non é verdade o que din, a atención primaria non resolve o 80 % dos problemas de saúde, resolve o 90 %, resolve o 90 %. Temos 85 millóns máis que o ano pasado, un 5,4 % máis. Repasen vostedes, aínda que sexa por capítulos se prefiren.

Miren, o gasto en persoal aumenta un 4,7 %. Gasto corrente, aumenta en 4,3 %, e os investimentos soben un 6,5 %. Polo tanto, incrementamos o gasto en atención primaria considerablemente máis que o ano anterior, en que subira un 3,75 %. ¿Saben o que non sube? O Fondo de continxencia que vostedes sempre reclaman que merma, pero isto tampouco lles prace. Ten aquí o gráfico, ten aquí o gráfico da atención primaria, comparado coa súa. Aquí o ten, aquí o ten. Si, si, aquí o ten. Non lle gustará, pero aquí o ten. Iso é o que hai.

Son 1.668 millóns de euros os que temos consignados para a atención primaria. E estamos..., non é un corta e pega, estamos a facer unha aposta sen precedentes por este nivel asistencial, tanto con cifras como con programas que estamos a desenvolver e que imos incrementar.

¿A vostedes lles parece que poderiamos facer máis? Desde logo, xa lle digo que si atoparamos máis colaboracións dalgún dos concellos onde gobernan vostedes, poderiamos facer sen ningunha dúbida máis. Por exemplo, Concello de Cangas. Púxose a disposición os terreos polos que levamos anos esperando. Non os pon.

Concello de Moaña, axudarse nesa demanda, a estas alturas se isto fora así teriamos xa en execución o Centro Integral de Saúde do Morrazo. Ano 2018. Algo similar

ocorre co Centro de Saúde do Sagrado Corazón de Lugo, onde o Concello acaba de dar un bandazo, e vén de propoñer unha nova parcela que non era pactada.

¿Sabe por que poderemos facer máis? Xa que falamos de profesionais sanitarios, se o Goberno de España, que vostedes tanto defenden, fíxese o que ten que facer para solucionar o problema da sanidade pública en todas as comunidades. A falta de profesionais sanitarias, e tamén se vostedes apoiasen as medidas para facilitar a ocupación de postos de difícil cobertura, que levamos pese ao seu rexeitamento. Xa nos explicará porque.

A unidade móbil, é permanente, non provisional. E os plans de saúde tamén son permanentes, non provisionais. Iso para que o teñan en conta.

Por certo, ¿sóalle a Federación de asociacións en defensa da sanidade pública? Seguro que lle soa. Ben, pois coloca a Galicia por riba da media nacional en investimento per cápita por atención primaria. O mesmo informe, segundo esas mesma federación, podemos ver como Galicia atópase como a cuarta comunidade autónoma con máis médicos en atención primaria.

Imos á hospitalaria. Bueno, parece ás veces desprenderse un certo desprecio pola atención hospitalaria. Censuran que teñen máis recursos que a atención primaria. É o lóxico, si que parece que teña para vostedes importancia cando se poñen a falar das listas de espera. Pois imos a falar de listas de espera.

No 2025 temos consignados un 5,1 % máis de orzamentos para a atención hospitalaria, un total de 3.478 millóns de euros, que nos van permitir: mellor atención, máis equidade, máis accesibilidade, menos esperas, e acceso a tratamentos personalizados. Galicia é a cuarta comunidade con mellores tempos de espera media cirúrxica. Non lle gusta. Estamos nos primeiros postos do conxunto do estado. Son 50 días menos de espera que a media española. E un dato moi significativo, é se temos en conta que no primeiro semestre do ano se realizaron 1.388 cirurxías máis que no mesmo período do anterior exercicio, e preto de 200 máis no ámbito dos procesos con tempos máximos garantidos.

O tempo medio de espera para unha primeira consulta é de 72 días, mentres que a media do conxunto do estado é de 94 días. Son datos do Ministerio de Sanidade.

E como xa dixen varias veces publicamente, e hoxe aquí tamén, o noso obxectivo é orientar as listas de espera cara os resultados en saúde, o impacto que ten esa espera na saúde dos pacientes para que se atenda de inmediato todo aquilo que non pode esperar, que é realmente o importante. E a iso irá enfocada a Oficina técnica de resultados en saúde.

Vostedes non teñen ánimo construtivo, é a crítica pola crítica, é algo que francamente me ten perplexo, non mostran interese por mellorar a saúde dos galegos.

Solo lles interesa facer eco de polémicas puntuais que tratan de modificar estirando a corda.

E en relación á radioterapia de Vigo. Descoñecía eu o seu interese por ese campo da medicina. Benvida ao gremio. Voullo explicar rapidamente. É de primeiro de EXB, que é o que fixen hoxe, no sentido de o que é a xestión clínica e a xestión e a optimización de recursos asistenciais. Así llo digo, así llo digo. É poñer todos os recursos dispoñibles aos pacientes. E resulta que en Ourense hai un equipo de radioterapia que ten ocos para poder traballar pola tarde. E os pacientes da área sanitaria de Vigo, cuxo servizo de radioterapia está tensionado, puntualmente pola confruencia de varios factores, que se quere despois os discutimos, pois ten a oportunidade de ir a tratarse a Ourense. Non ten máis volta de folla. Que creen vostedes, ¿que os pacientes preferían estar esperando en lista de espera?

E esa derivación é voluntaria, e de acordo a unha situación clínica axeitada. Ademais, garantimos o transporte para que poidan recibir os tratamentos. Isto é o que hai con relación á radioterapia de Vigo.

Non falaron do Álvaro Cunqueiro, do cal me alegro. En relación a Ourense, a distribución dos recursos sanitarios, se fai en base a criterios poboacionais que ten necesidade de asistencia, e a poboación de Ourense representa o 11 % da poboación de Galicia. Non fixen o cálculo, non o sei.

A inversión da Consellería de Sanidade na provincia Ourense, incrementouse este ano nun 4,34 % con respecto aos orzamentos anteriores, un aumento que fai situar os recursos destinados á sanidade pública na provincia de Ourense, ata os 672,7 millóns de euros. Por dicir algunhas cousas: obras no CHOU, 27 millóns; Plan director 29,4 millóns; humanización de espazos, 600.000 euros; a dotación dos hospitais comarcais con novo equipamento, adquisición de coreógrafos, CIS de Ourense 2,5; centro de saúde da Rúa, 1,6; centro de saúde Muíños, 05; e Boborás, 0,7 millóns de euros.

Pasamos a persoal. En canto ao persoal, crearemos 1.400 novas prazas no Servizo Galego de Saúde. Destinaremos máis de 2.300 millóns de euros a capítulo de persoal, e cumpriremos cos acordos da Mesa sectorial de redución de xornada, e de estabilización de plantillas.

Asegúrolles que estabamos a adoptar todas as medidas ao noso alcance para responder a unha necesidade crecente de profesionais sanitarios. Se o ministerio fixera os seus deberes, igual non estariamos na situación e déficit na que estamos, pero a realidade é que non os fai.

Contamos con 12.000 profesionais de enfermería, cunha ratio por habitante que está na media nacional. Por envellecemento de poboación, e a crecente demanda de profesionais sanitarios, fai preciso prepararse para incrementar os recursos humanos dispoñibles. A iso precisamente responde a modificación que introducimos na Lei de

medidas para permitir que se exima do requisito da nacionalidade. Porque a práctica totalidade do persoal de enfermaría que participan nos procesos de estabilización, xa traballa de forma habitual no Servizo Galego de Saúde.

Saúde Mental, coido que non están lexitimados para dicir o que din. Menten, a aposta deste Goberno da Xunta pola saúde mental está fóra de toda dúbida. Galicia estivo á cabeza á hora de aprobar un plan de saúde mental, e seguiremos estando á vangarda coa elaboración do novo plan e coa implementación de medidas novidosas, como a rede de psicoloxía clínica en atención primaria, a ampliación da idade ata os 18 anos para a atención psiquiátrica infanto-xuvenil, os 21 anos para TDA e trastorno de espectro autista.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O **conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño):** ...son máis e 16 millóns o que destinamos para este fin.

E a Xunta está preparada para iniciar o complexo proceso de integración das unidades municipais de drogodependencia. Lamento que traen vostedes de facer disto un circo político, en vez de aproveitar a ocasión para sumar e achegar a prol de optimizar a sanidade de todos os galegos, que é a miña, que tamén é a súa, e que é a de toda a cidadanía que representamos. Convídoos a que aproveiten esta intervención que lles resta, para trasladar propostas construtivas. Asegúrolles que sempre que sexan coherentes e factibles, terémolas en conta.

Moitas grazas pola súa atención.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos a quenda dos grupos parlamentarios para aclaracións.

Señor Ojea, por parte do Grupo Mixto, ten a palabra por un tempo máximo de cinco minutos.

O **señor Ojea Bouzo:** Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, eu son consciente de que as asignacións se poden facer ata certo punto mediante criterios poboacionais, pero tamén ten que ter en conta unha cousa, se unha provincia se despoboa é precisamente porque non hai servizos, ao non haber servizos vai contribuír a que se despoboe máis, e polo tanto que reciba menos financiación na seguinte vez, é unha espiral negativa.

Pero é que ademais redunda no gasto excesivo, porque se un lugar ten moi pouca poboación, pero claro, os poucos habitantes que haxa teñen dereito como a todos

os demais, a ter determinados servizos. Implica, por exemplo, a construción dun centro de saúde, que podería dar potencialmente servizo a moitas máis persoas, pero que soamente viven esas pois ten que dar servizo a esas, e equivale a un custe enorme, que podería ser mellor rentabilizado se houbese máis poboación.

Logo destínanse uns profesionais a ese centro de saúde, e ao mellor non teñen nin onde tomar un café na poboación, e loxicamente márchanse para outro lado, e a consellería encóntrase coa dificultade de volver a prover ese posto etc., etc. Quero dicir, e isto xa digo que excede das competencias directas da Consellería. Ten que haber un Goberno que loite contra a concentración de recursos e de poboación en determinadas zonas, porque vai ter que dar servizo a toda a zona. Entón, o mellor é que promova unha distribución homoxénea da poboación, neste caso en toda a autonomía, o máis homoxénea posible, e iso entre outras cousas, terá que buscarse descentralizando determinadas ubicacións burocráticas, administrativas, artísticas, empresariais, etc. Porque senon, a distribución de dereitos é homoxénea entre a poboación. Quero dicir, que tanto dereito ten á educación un rapaz que vive nunha aldea, e que sexa o único rapaz da aldea, como que viva nunha gran cidade. Pero claro, os gastos van ser moitos máis, o gasto per cápita van ser moitos maiores nesas poboacións.

Mire, o que ten que facer o Goberno é dedicar recursos, precisamente para que se inverta ese feedback, esa espiral. A curto prazo, pois ao mellor pode ser oneroso, pero a longo prazo vai ser o que posibilite a solución do problema. Entón, se lle deixamos de lado a unha provincia porque xa había pouca xente, vai seguir aínda vivindo menos e ao final teremos que pedir saír da comunidade autónoma galega, e a ver se nos queren na de Castela e León.

E bueno, como ese é un temo que xa teño falado bastante, e teño pouco tempo, soamente vou dicir que me marcho desta comisión coa última imaxe moi mellorada, porque nos chamaron aos da oposición predicadores, e a min acábame de subir o ego, dígollo de verdade. Porque eu non sei se recordan aquela película «O xinete pálido» de Clint Eastwood, que era duns mineiros que estaban totalmente maltratados polo malo da película, e quitáballes a auga para que tiveran que marchar de alí, ían marchando e entón chegou o heroe, e resultou que era un predicador, e entón á parte de saber manexar ben as armas. Entón díxolles o malo da película: baf, que chegou aí... bueno non lle fagades caso. Ata que lle dixeron, mire é que é un predicador. ¿Como? ¿Deixástedes entrar a un predicador? Un predicador pode devolverlle a esperanza ao pobo, non.

Entón, bueno, nós somos os predicadores, como era Martin Luther King, e como eran outros. Entón mire, o que temos que facer é predicar, porque para iso estamos na oposición, e se predicamos ben realmente podemos facer cambiar o mundo, como transmitiu esa mensaxe desa película, e como transmitiron, pois mire un señor que viviu hai 2.000 anos que acabou instaurando unha relixión, era tamén un predicador.

Entón, quero dicir que eu márchome moi contento de que nos chamaran predicadores. E de momento nada máis.

Grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor Ojea.

Pasamos a quenda dos Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Espinosa.

A **señora Espinosa Mangana**: Grazas, de novo, presidenta.

Señor conselleiro, voulle dar un consello, valga a redundancia, con todo o cariño do mundo. Non lea o que lle escriban, e escoite o que dicimos nós aquí. Eu non vin a desprestixiar a nosa sanidade, nin nunca o farei, vin a falar da xestión da sanidade, que é un tema moi diferente. É máis, díxenlle que posiblemente compartíramos todos os obxectivos, pero o que non tiña era presuposto.

E voulle a dar algún dato máis, FEDEA, di que Galicia é a comunidade autónoma de España con menor investimento por habitante en sanidade, educación e políticas sociais. É máis, fai unhas contas dende o ano, 2015 ata o ano 2022, que di que aquí se incrementou o 12,3 % fronte ao 29,5 % de Canarias, por pór un exemplo.

Pero o Consello de Contas tamén lle di respecto ao Sergas, que ten un orzamento per cápita por baixo do País Vasco, Navarra ou Castela e León, e espero que non cuestione esta información-

E vamos falar un pouquiño, porque non me deu tempo na primeira parte, de profesionais da medicina. Eu dígolle que na consellería tense que convencer de que os profesionais tamén hai que retribuílos ben, porque en países da OCD, os médicos de atención primaria ganan de dúas a catro veces máis que aquí. Hoxe mesmo, o Consello Xeral de Enfermería sacaba unha nota onde dicía, que Galicia eramos a segunda comunidade autónoma con menor ratio de enfermeiras por habitantes, incluso daba unha cifra de 10.000 enfermeiras que necesitaríamos en Galicia para acadar o promedio da Unión Europea.

E agora vou coller dous gráficos, que seguramente o seu equipo os identifica perfectamente. Son os gráficos que figuran oficialmente. Pois fagamos unha conta, collamos o capítulo I, se o Capitulo I do ano pasado lle subimos o 3 %, señor conselleiro faga as contas, porque lle quedan exactamente 66.478,38 euros para contratar a toda esa xente que di que lle vai a solucionar os problemas que teñen.

Entendo algo do que estou falando, me pode dicir que tiña vacantes, pero cando falei no primeiro turno lle dixen que atendera ao que lle dicía, que tiveron que facer modificacións orzamentarias para atender a temas vinculados co capítulo I Polo tanto, non lle sobraba ningún. Faga a conta que acabo de facer eu, 3 % do que tiñan o ano pasado, a ver o que lle queda.

Non puiden falar de investimentos na primeira parte, pero quero dicirlle que a maior parte delas chegan tarde, mal, e é moi triste que a partida maior sexa para pagar ao Álvaro Cunqueiro, para pagar a un fondo de investimento francés. Sen comentario, señor conselleiro.

Pero eu si quero dicirlle, preguntarlle unha cousa máis. Vostede falou hai un rato, para que vexa que eu si lle escoito, de que tiña un 5,1 % para tratar de baixar as listas de espera. Esas 45.027 persoas que temos esperando cirurxía, as 212.271 que temos en consultas sanitarias, ou as 84.437 que temos para probas diagnósticas. Son os seus datos de finais de ano.

¿Pero como vai facer se non ten presuposto para poder contratar a ninguén? Por favor, lle pediría xa que non me contestou o que lle preguntei na primeira intervención, que me contestara a isto.

E vostede falaba dos problemas que teñen do Goberno de España, pero voulle dar algún dato que a señora Amigo está bastante farta de escoitarme. Formación sanitaria especializada. Ano 2017 e 2018, 8.043 prazas. Gobernaba o Partido Popular. 2023-2024, 11.607 prazas, e gobernaba o Partido Socialista.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir rematando, señora Espinosa.

A **señora Espinosa Mangana**: 44 % máis.

E se falamos de MIR, 35 % máis. Efectivamente, señor conselleiro, estamos pagando as consecuencias dunha mala xestión que herdamos dos gobernos do Partido Popular en Madrid.

Eu finalizo dicíndolle que arranxen a infradotación que ten o noso sistema de saúde, que pensen que os impostos, entre outras cousas están para investir en sanidade, e non para beneficiar os máis privilexiados. Porque sabe que a Xunta de Galicia deixará de ingresar 751 millóns de euros en bonificar determinados impostos e taxas, e estas bonificacións crecen moito máis co seu orzamento.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que concluír, señora Espinosa.

A **señora Espinosa Mangana**: Finalizo señora presidenta, dicindo que parte desas bonificacións, aquelas que van a beneficiar ás grandes fortunas, poderían perfectamente ir para incrementar o presuposto de sanidade.

Moitísimas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Espinosa.

Pasamos á quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado Cores.

A **señora Prado Cores**: Grazas, presidenta.

Mire, señor conselleiro, equipo deputados e deputadas do Partido Popular, quen desprestixia á sanidade pública galega son os gobernos do Partido Popular. Aquilo sabe que cando o sabio sinala a lúa, o necio mira para o dedo. Ben, pois moi de aplicación. Evidenciar los problemas que ten a sanidade pública para vostedes é desprestixialos, igual pensan que os miles de galegos e galegas, a totalidade dos galegos e as galegas cando necesiten a atención sanitaria, veñen, miran o seu discurso e quedan tranquilos. E resulta que os galegos e as galegas cando necesiten atención sanitaria, tópanse con gravísimos problemas. Tópanse cos problemas de accesibilidade, tópase con listas de espera elevadísimas, tópanse con que pasan anos, algúns agardando por determinadas cirurxías, meses agardando por consultas, probas diagnósticas, e intervencións cirúrxicas. Desde que chega ao médico de familia, e chega a unha intervención cirúrxica, hai unha media elevadísima de tempo.

Esa é a realidade, e vostedes, poñer en evidencia esa realidade chámanlle desprestixiar a sanidade. Pois actúen para que non haxa que falar dos problemas, e para que poidamos parabenizar a boa xestión que fai o Partido Popular, que non é o caso.

E di o señor conselleiro ilustre, non comparados con esta sinxela deputada. Si, bueno, vostede mesmo, eu igual vostede morre de éxito de sabedoría. Eu estou bastante satisfeita con ser unha representante da clase traballadora, e que estou aquí defendendo un proxecto político para as maiorías, non para as minorías como fai o Partido Popular, que actúa continuamente para favorecer o espolio dos recursos dos galegos en beneficio de grandes multinacinoais, incluso en sanidade.

E agora lle vou a dar datos. Bueno, pois dicía vostede que o mundo baseado na evidencia, e voulle dar algún dato de evidencia, voulle dar algún dato de cal é a evidencia. E os datos son, datos do ministerio, eu vou dar datos oficiais e dounos do ministerio porque infelizmente o Goberno galego non facilita datos. Non fai estatísticas porque ter estatísticas significa ter que enfrontarse ao espello da realidade, entón non temos datos e entón non temos realidade. Pintámola. Entón, o Partido Popular non facilita datos e así pinta, pinta a realidade. ¡Fantástico!

Datos do ministerio —insisto— a ver se para o seguinte orzamento señor conselleiro, a ver se segue vostede aquí, a ver se sigo eu, e nos trae datos que non teñamos que ir ao outras fontes cando temos un país, e un Goberno que debería actuar como tal.

11,8 % en investimento en atención primaria. Datos do ministerio. 64,3 % en hospitalaria. E o BNG non desacredita a atención hospitalaria, o que poñemos en evidencia é que o maior esforzo do Partido Popular é destinar á atención hospitalaria,

porque aí é onde poden derivar esas inxentes cantidades de recursos para esas empresas privadas, tanto tecnolóxicas como de servizos, que vostedes tanto miman e tanto regan.

Dato do ministerio, os gastos de bolso, é dicir que cada galego e galega destina a pagar do seu bolso servizos sanitarios, é de 500,3 euros anuais, por encima da media do Estado, que está en 474. Salarios máis baixos, pensións máis baixas, e dos maiores gastos que ten que facer cada galego galego para ter prestacións sanitarias que non lle ofrece o sistema público.

Somos os cuartos pola cola en orzamento destinado a persoal 44,4 % do investimento. A cola en ratios de enfermaría, só por detrás de Murcia. É o informe que acaba de publicar estes días o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enfermería, que di que Galiza é a segunda pola cola despois de Murcia, e que para chegar á media da Unión Europea podamos coller a media OCDE, a media da Organización Mundial da Saúde, faría falta como mínimo 9.000 enfermeiras máis para chegar a esa media. Vostede presume aquí de que somos non sei que campións. A cola en profesionais de saúde mental, vostede sábeo. Psicólogos clínicos e ademais. Á cola en número de matronas.

E vostedes unha cousa que é verdade que me congratula, e vou a buscar o vídeos para poñelo logo repetidamente. Dixo, modifican a Lei de saúde pola porta de atrás, do que a lei de acompañamento, porque a maioría dos profesionais que se presentan a ese plan para que captar profesionais tan magnífico para a sanidade pública, vostede dixo textualmente a práctica totalidade xa traballa no Sergas. Xa o sabiamos, e xa llo dixemos, ¿pero que dixo o Partido Popular continuamente? Aumento de prazas, creamos prazas.

Acaba vostede de dicilo claramente, non crearon prazas, o único que fixeron é estabilizalas. O que nós levabamos anos pedindo e que vostedes votaban en contra. Cando falan de que nós votamos en contra. ¿Sácolle aquí a lista de todas as cuestións que puxemos enriba da mesa para solucionar os problemas da sanidade pública e que vostedes votaron en contra e miraron para outro lado

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que rematando, señora Prado.

A **señora Prado Cores**: ...pois entre outras cousas esta, é totalmente vendida.

E o tema de persoal, señor conselleiro. Aquí nestes orzamentos non hai practicamente nada para aumentar o tema de persoal. Vostede falou dun acordo, e de 18 millóns de euros para o acordo e rebaixar a 35 horas semanais. 18 millóns de euros para a anualidade de 2025 hai que aumentar e tocaría a 34.000 incluído o IRPF. Nin sequera o que vostedes teñen comprometido. É dicir, para persoal nada de nada.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Conclúa por favor, señora Prado.

A **señora Prado Cores:** E xa remato co tema de cartos para a sanidade privada. O que fai o Partido Popular, é seguir destinando cantidade de cartos para a sanidade privada, para o hospital de Vigo, 38 máis 26, é dicir 65 millóns, máis do 80 para Povisa, concertos marco 900 millóns a dedo sen publicidade de contratos menores.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Conclúa, señora Prado.

A **señora Prado Cores**: Remato, presidenta.

Que me explicar, 6 millóns de euros para actuación no Álvaro Cunqueiro. Gustaríame que me explicara quería actuacións van ser esas, porque de momento deberían correr a cargo da concesionaria. Gustaríame que explicar para que son eses 6 millóns de euros.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Conclúa, por favor.

A **señora Prado Cores**: Por tanto, estes orzamentos non solucionan os problemas sanitarios dos galegos e das galegas, e insisten nesa folla de ruta de menos á sanidade pública, e máis sanidade privada.

Moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Prado.

Pasamos a quenda do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, señora Amigo.

A **señora Amigo Díaz**: Moitas grazas, presidenta.

De novo, mostrar o agradecemento do noso grupo, a vostede señor conselleiro, por achegarse a comparecer e explicar os orzamentos da súa consellería na casa de todos os galegos.

Son xa 16 anos de maneira consecutiva que os gobernos do Partido Popular comparecen no Parlamento e aproban os presupostos. Isto é o que pon en valor a importancia que ten a sanidade para o Goberno do presidente Rueda, e isto, señorías, marca a diferenza entre gobernos serios, gobernos que traballan, que xestionan, e que son responsables coa xente que puxo a súa confianza neles para levar o rumbo, fronte a outros, que o único que lles preocupa é manterse no poder a calquera prezo, custe o que custe, incluso se ese custe é a igualdade entre persoas e territorio. Ou mesmo se custa o deterioro da democracia no noso país.

No ano 2018 dicía o presidente Sánchez: «Que un Gobierno sin presupuestos, es tan útil como un coche sin gasolina.» Pero, claro, isto era no 2018, e os cambios de opinión do señor Sánchez foron moitos desde entón. Pero hai algo que non cambiou nestes

anos, e é o apoio submiso tanto do Partido Socialista de Galicia, como o do Bloque Nacionalista de Galicia, que lle deu o apoio para que o señor Sánchez chegará ao Goberno.

Estes partidos que aquí son tan bravos, e son tan submisos en Madrid, non son quen de apoiar unha soa medida das propostas da consellería para a mellora da sanidade, e o único que saben criticar, terxiversar, e tentar confundir á poboación cos seus contos.

O problema da sanidade, xa se dixo moitas veces, non está nos cartos, o problema está na falta de médicos, e niso temos propostas que se lle fixeron á Xunta para demandar ao Goberno de España, pero tanto o Bloque como o Partido Socialista votaron sistematicamente en contra.

Mire, o único Partido Nacionalista, xunto con Bildu, que votou en contra a Madrid, de pedirlle ao Goberno de España reformas do sistema de formación sanitaria especializada, que permitan formar máis prazas MIR para medicina de familia, foi o Bloque Nacionalista Galego, e isto pediuno Galicia primeiro, xunto co PNV do País Vasco, e despois sumáronse outros cinco gobernos autonómicos, gobernos todos que queren mellorar, que queren arranxar a problemática que temos. E votaron en contra.

Tamén votaron aquí en contra da lei que permite cubrir as prazas vacantes de difícil cobertura en atención primaria por concurso de méritos. E, señorías, señorías, teño aquí a tabla das prazas acreditadas polo ministerio, que xa lles dixen antes no bipartito o 70 %, nós nos últimos anos o 100 %, deixaron 150 médicos de familia sen formar. E falan de que non se lles paga, pois mire a formación dos MIR sobe un 7,2 % ata os 84,5 millóns de euros.

Mire, o que resulta incrible é que coñecendo o problema máis grave que temos, que é a falta de médicos no sistema, que o Goberno central, que é o que ten a potestade, o único de arranxalo, non gasten nin un ápice das súas enerxías en transmitir e apoiar estas medidas que son tan necesarias en todas as autonomías.

Señora Espinosa, podía vostede que ten un Goberno amigo en Madrid, trasladar este problema que temos. E falan de privatización, falouse aquí de privatización, diso dende logo sabe o bipartito, que cando gobernou o gasto en concertos incrementouse nun 48 % en 4 anos, superando o 6 %. E esta presunta privatización da que falan eu penso que están unicamente nas súas cabeza. Igual o din pola sanidade xestionada polo Goberno central, que subcontrata con empresas de sanidade privada, por exemplo a prestación sanitaria na cárcere da Lama. Igual pensan que é así.

Concertos coa sanidade privada. Pois mire, vostedes gastábase moito máis do que gastamos nós, xa digo un 48 %. Mire, e para chegar ao 6 %, nós gastamos un 4,7 %. É verdade, pero para chegar a eses 6 % que vostedes gastaban, aínda nos quedan 82 millóns de euros máis. E non foron capaces de votar aquí no Parlamento de Galicia, nin

o PSOE nin o Bloque, cando se instaba á Xunta a manter ese control de gasto por parte do Sergas.

E desde logo, voulle dicir tamén un dato publicado no 2024 por unha asociación, que a Federación de Asociacións en Defensa da Sanidade Pública, que no seu último informe, di que Galicia está por riba da media nacional en investimento per cápita en atención primaria

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir concluíndo, señora Amigo.

A **señora Amigo Díaz:** Remato xa, 275 fronte aos 268 da media nacional.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Ten que ir rematando, señora Amigo.

A **señora Amigo Díaz**: E remato xa.

Mire, tendo en conta que o Goberno que lidera Alfonso Rueda acerta con estes orzamentos, e demostra con feitos e os recursos que a súa prioridade segue sendo a saúde pública de Galicia, sabe señor conselleiro, que pode contar sempre con este grupo parlamentario, o Grupo Popular, que apoiará estes orzamentos dende o convencemento de que son os mellores para os galegos.

Vostede dixo que é a primeira vez que comparecía nesta comisión, e é certo, pero eu pódolle dicir que a tónica dominante dos grupos da oposición ano tras ano é a mesma.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Conclúa por favor, señora Amigo.

A **señora Amigo Díaz**: Conclúo xa, sabendo que para nós son os mellores presupostos, e dende logo a nós o que nos interesa, a nosa prioridade é Galicia e os galegos. Non sabemos cal é a prioridade do Partido Socialista, nin do Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada e moitas grazas.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señora Amigo.

Xa para rematar a comparecencia, ten de novo a palabra o señor conselleiro por un tempo flexible de cinco minutos.

Flexible, pero pregando piedade. (Risos.) .

O **conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño):** Moitas grazas.

Señora Prado, eu veño de onde veño, non o podo evitar. A min gustaríame ser David Bowie, o tamén Zinedine Zidane, pero son médico, e de nome Antonio Gómez

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Non dialoguen, por favor. Xa estamos alongando demasiado a sesión.

O **conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño):** (Risos.)

Señorías, lamento que pese ás miñas explicacións non entendesen vostedes as motivacións e interese que querían as liñas de acción das contas deste departamento autonómico.

Unha motivación, que non é outra que a de optimizar a sanidade pública galega, poñendo no centro do sistema ao paciente, e velando polos miles de profesionais que conforman a sanidade pública. Con ese obxectivo deseñamos unhas contas públicas onde cada euro investido se destina a ponte ser mellor saúde os galegos.

Por resumir, os orzamentos son ambiciosos tanto no cuantitativo como no cualitativo, pero tamén realistas, cunha planificación que podemos cumprir. Estamos a falar, —insisto— do maior orzamento dos departamentos da Xunta, do maior orzamento da historia da sanidade pública galega.

No 2025, xestionaremos un 5,1 % de recursos máis, un total de 5.458 millóns de euros, destinados a coidar da saúde dos galegos, e garantir unha asistencia sanitaria integral.

Un orzamento, que dirixiremos a cubrir dez liñas estratéxicas de accións, poñendo o foco no coidado da saúde, con novos cribados, e ampliando as coberturas vacinais, destinaremos 41 millóns a consolidar e incorporar as mellores vacinas, e 2,8 millóns para os cribados de detección precoz de enfermidades. Unha atención integral ao paciente, potenciando a atención primaria e garantindo a continuidade asistencial cara unha atención hospitalaria, que incorpora novas prestacións. Dirixindo todos os procesos asistenciais cara a obtención de resultados en saúde, garantindo unha axeitada prestación farmacéutica, reforzando a atención da saúde mental, apostando pola ampliación e renovación dos grandes hospitais e os centros de saúde, e dotándoos do mellor equipamento, introducindo máis tecnoloxía, intelixencia artificial, apostando pola investigación sanitaria con máis de 23 millóns, ademais dos 47,4 millóns destinados a financiar a actividade das fundacións públicas galegas de investigación sanitaria, e coidando a persoal da sanidade pública galega, que é o noso capital máis preciado.

O capítulo de persoal, é o que consume maiores recursos, case 2.400 millóns de euros que nos permitirán crear insisto, 1.412 prazas. 523 prazas necesarias para reducir a xornada en 42 horas, 790 prazas para a estabilización de persoal de diferentes categorías, 30 prazas de médicos de urxencias hospitalarias, e a contratación de persoal necesario

para o incremento na carteira de servizos de reprodución humana asistida, centro de protonterapia, e a nova unidade de radioterapia do novo Montecelo.

Neste eido tamén teremos novo fito no próximo ano, a aprobación do Plan de recursos humanos no que estamos traballando. Máis profesionais ao servizo dos pacientes, porque mellora a atención sanitaria que lle prestamos á cidadanía, é o fin último de estas contas.

Consolidaremos a nosa aposta pola atención primaria, á que destinaremos máis recursos, 1.668 millóns de euros, o que supón un 5,4 % máis, cunha mellor atención domiciliaria e no rural.

Incrementaremos tamén o orzamento destinado á atención hospitalaria, que acadará os 3.478 millóns de euros, e aumentaremos ata os 268 millóns de euros os recursos que destinamos ás obras de mellora dos nosos hospitais e centros de saúde, e ao seu cumprimento.

Disporemos os medios materiais e os recursos humanos necesarios para situar a Galicia como a primeira comunidade autónoma en tratar na sanidade pública a pacientes con protonterapia, e avanzaremos progresivamente na posta á disposición do que será a carteira de servizos en reprodución asistida máis ampla de España.

A contas da Consellería de Sanidade, reflicten claramente o compromiso coa saúde mental, destinaremos máis de 16 millóns á promoción da saúde mental dos galegos, traballando con especial intensidade nos máis novos, na infancia e na prevención do suicidio e na mocidade. Darémoslles continuidade ao programas xa consolidados, como o Yam ou o Código “Agarimo”, e implementaremos medidas novas, que estarán recollidas no novo Plan de saúde mental.

Afrontaremos todas as políticas sanitarias desde un enfoque encamiñado a resultados en saúde. Antes de que remate este ano agardamos ter constituída esta Oficina técnica de resultados en saúde, e o comité técnico para a saúde durante o vindeiro exercicio elevarán ao plan estratéxico galego de resultados en saúde.

Señor Ojea, estamos traballando na mellora continua, aumentando a carteira de servizos que achegamos á poboación, sobre todo nas patoloxías máis frecuentes urxentes. Somos conscientes da singularidade de Ourense niso. O rexistro galego de tumores levouse a Ourense, dotándose de 5 documentalistas e médicos preventivistas.

En reacción á pregunta de si están mellor ou peor pagados os médicos, o sindicato Médico de Granada, nos considera a sexta comunidade autónoma que mellor paga aos médicos de familia. E en relación á ratio de enfermería, en atención primaria, está segundo os últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade, por enriba da media do sistema nacional de saúde, un 5,7 % máis.

Vou rematando, sen antes trasladar o meu agradecemento a todo o equipo da consellería. O magnífico equipo que teño na Consellería, por ese traballo realizado na elaboración destes orzamentos, que son a máis clara expresión da vontade política e das prioridades da acción do executivo galego.

Tamén agradecer aos membros desta comisión 3ª a súa acollida nesta miña primeira comparecencia, e aos grupos parlamentarios da oposición animalos a traballar en propostas construtivas e viables, que respondan ás necesidades reais dos galegos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas pola atención.

A **presidenta (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor Gómez Caamaño pola súa presenza e a do seu equipo nesta comisión, agradecemento que entendemos aos grupos parlamentarios e aos servizos da Cámara, e suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

(Suspéndese a sesión ás 14.35 horas).